Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 9 de xullo de 2020(843/1102)**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTEN:** |
|---|---|
| **Membros :** | |
| D. Abel Caballero Álvarez | Dª Mª José Caride Estévez |
| Dª Mª Carmen Silva Rego | D. Carlos López Font |
| D. Francisco Javier Pardo Espiñeira | D. Jaime Aneiros Pereira |
| Dª Elena Espinosa Mangana | |
| D. Abel Losada Álvarez | |
| Dª Yolanda Aguiar Castro | |
| Dª Patricia Rodríguez Calviño | |

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día nove de xullo de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(526).- ACTA ANTERIOR.** Detectado erro material na data das actas na orde do día, faise constar que se aproban as actas da sesión ordinaria do 2 de xullo e extraordinaria e urxente do 3 de xullo de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(527).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADORÍA PARA A REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO, A TRAVÉS DUN ACORDO MARCO. EXPTE. 12650/111.**
Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 30/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/06/2020, asinado polo letrado especialista, o letrado xefe da Área Xudicial, a concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Antecedentes**

A resolución do 29 de xaneiro do 2020 asinada pola Concelleira delegada de Xestión Municipal iniciou o expediente para a tramitación da *“contratación dos servizos de procuradoría para a representación do Concello de Vigo”*.

No expediente que se tramitou ata o de agora figuran incorporados os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade do contrato e proposta de orde de inicio do expediente asinada polo Xefe da Área Xudicial e a Titular da Asesoría Xurídica o 29 de xaneiro do 2020, e resolución de inicio do expediente asinada pola Concelleira delegada de Xestión Municipal na mesma data.

- Prego de prescricións técnicas do 7 de abril do 2020 asinado polo Letrado especialista na Orde social, civil, contenciosa e mercantil e polo Xefe da Área Xudicial.

- Memoria Xustificativa do contrato asinada o 27 de maio do 2020 polo Letrado e o Xefe da Área Xudicial, e conformada pola Concelleira delegada de Xestión Municipal o 28 de maio do 2020.

- Informe da Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación do 29 de maio do 2020 por medio do cal se informa de que figuran incorporados os documentos esixidos para a súa tramitación.

- Prego de cláusulas administrativas particulares do Acordo marco para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais, asinado pola Técnica de administración xeral e a Xefa do Servizo de Contratación, o 29 de maio e 1 de xuño do 2020, respectivamente.

- Informe proposta de aprobación do expediente, asinado polo Letrado especialista na Orde social, civil, contenciosa e mercantil e polo Xefe da Área Xudicial o 4 de xuño de 2020, conformado pola Concelleira Delegada de Xestión Municipal e polo Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda o 5 de xuño do 2020.

- Informe da Asesoría Xurídica do 12 de xuño do 2020, asinado pola Letrada-Xefa de Asesoramento e pola Letrada-Titular da Asesoría Xurídica Municipal.

- Informe da Intervención Xeral do 25 de xuño do 2020, asinado pola Interventora xeral adxunta e conformado polo Interventor Xeral.

Vistas as observacións realizadas pola Intervención en canto a contabilización do gasto, redáctase novo informe-proposta para incluír no punto III da proposta de resolución unha precisión respecto do imposto sobre o valor engadido (IVE).

**Fundamentos de dereito**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada

por Decreto de Delegación de Alcaldía de 26 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, nos concelleiros da Área.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116 da LCSP, o informe de necesidade e idoneidade do contrato, a memoria xustificativa co contido previsto no apartado 4 deste artigo 116 LCSP, o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares, tal e como se relaciona nos antecedentes deste informe.

**Terceiro.-** **Acordo marco.** O procedemento elixido para a contratación é o Acordo marco. Os elementos básicos do contrato, tal e como figuran recollidos e desenvolvidos nos documentos que forman parte deste expediente son os seguintes:

O seu **obxecto** o constitúe a conclusión dun acordo marco do que deriven contratos de servizos para a contratación dos servizos propios da profesión de Procurador/a dos Tribunais, nos termos nos que se regula esta actividade profesional. Fíxanse tres lotes, para o ámbito territorial propio das instancias xurisdicionais nas que o Concello de Vigo (e resto de entidades de dereito público defendidas por este) adoita figurar como demandante, demandado ou en posicións procesuais equivalentes (interesado, codemandado, etc.).

Con un **prazo** de 4 anos este Acordo marco, sen prexuízo de que os contratos de servizos derivados excedan da duración deste, supeditado á duración do proceso xudicial.

O **valor máximo estimado** é de 283.702,56 €, con imputación á partida 9200 2260400 (“Gastos xudiciais e notariais”). O valor estimado ten carácter orientativo e non vinculante.

**Cuarto.-** **Contratos derivados.** A adxudicación dos contratos de servizos derivados deste acordo marco (isto é, a designación do/a procurador/a no concreto procedemento xudicial) efectuarase directamente, sen necesidade de convocar ás partes a unha nova licitación, a cada un dos procuradores/as seleccionados para cada lote seguindo unha quenda rotatoria que se establecerá de conformidade coa orde de clasificación de cada lote -de maior a menor puntuación- das proposicións, obtida no procedemento de licitación do acordo marco.

Corresponderá ao/á Concelleiro/a delegado/a de Xestión Municipal a adxudicación dos citados contratos derivados, previa proposta da Asesoría Xurídica como unidade xestora do contrato.

**Quinto.-** **Poder para preitos.** O antecedente inmediato -e aínda actual- deste tipo de servizos a contratar, provén da regulación recollida no Código Civil. Pola súa vez, a lexislación procesual, aplicable a cada Orde xurisdicional, esixe un apoderamento do demandante/demandado/codemandado en favor do Procurador/a; os coñecidos como “poderes xerais para preitos”.

Neste caso, non só por tratarse dunha esixencia legal, senón porque a experiencia así o aconsella, e evita incidencias que repercutan na correcta defensa desta administración municipal, resulta preciso, unha vez concluído o procedemento de licitación do acordo marco, designar a un Notario que recolla nun documento de apoderamento o mesmo, en

favor dos licitadores seleccionados a través deste procedemento, de xeito que se poida acompañar ese documento con carácter xeral nos procesos.

Para a determinación dos honorarios notariais do poder para preitos e das copias correspondentes resultan de aplicación as regras contidas no arancel notarial aprobado polo Real Decreto 1426/1989, de 17 de novembro (Anexo I.Número1.Apartado b, Anexo I. Número 4...). No anterior acordo marco, os gastos derivados deste concepto supuxeron 134,42 euros, non obstante dado que un dos lotes quedou deserto non pode precisarse o importe concreto que suporá este gasto. Polo que, estímase un importe orientativo máximo por este concepto de 300 euros.

**Sexto.-** Resulta competente para resolver este expediente nesta fase de aprobación do mesmo a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo como órgano de contratación desta Administración Pública, segundo dispón a Disposición Adicional segunda (punto 4º) da LCSP 9/2017. Canto á motivación da resolución que aproba o expediente, a constancia da documentación acreditativa da necesidade e axuste a dereito da contratación abonda para cumprilo (STS 14/9/2012 e SSTC 146/1990, sobre motivación por remisión).

De xeito que atendendo ao anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, **proponse á Xunta de Goberno Local**, o seguinte Acordo:

I. A aprobación do expediente de contratación numerado como 12650/111, de contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco, coas características definidas nos pregos.

II. A aprobación do Prego de prescricións técnicas do 7 de abril do 2020 redactado pola Asesoría Xurídica e o Prego de cláusulas administrativas particulares do 1 de xuño do 2020 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen neste expediente, para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco.

III. A aprobación do gasto máximo por importe de 283.702,56 € (17.731,41 € para a anualidade de 2020, 70.925,64 € para a anualidade de 2021, 70.925,64 € para a anualidade de 2022, 70.925,64 € para a anualidade de 2023 e 53.194,23 € para a anualidade de 2024, para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco, con cargo á partida orzamentaria 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais").

Os importes anteriores incrementaranse co importe correspondente ao tipo impositivo do IVE, sendo na actualidade do 21%.

IV. A aprobación do gasto máximo por importe de 300 €, para atender os gastos notariais relativos ao documento de apoderamento en favor dos licitadores seleccionados a través deste procedemento, con cargo á partida orzamentaria 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais").

V. A apertura do procedemento de contratación segundo os trámites recollidos na normativa actualmente en vigor.

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(528).- ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL VACACIÓNS EN PAZ (2019-2021). EXPTE. 197119/301.**
Visto o informe de fiscalización do 1/07/2020, dáse conta do informe-proposta de data 20/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A Asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharaui» (SOGAPS) ten, entre os seus fins, promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o pobo galego e o pobo saharaui, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre ámbolos dous pobos e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharaui.

I.2. Estes fins materialízanse no seu proxecto de acollemento familiar temporal "VACACIÓNS EN PAZ", que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharauis desde os campamentos de refuxiados de Tindouf á nosa cidade para seren acollidos/as por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto. Facilitarlles asistencia médica, ofertar unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do pobo saharaui son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

I.3. Este proxecto desenvólvese desde hai uns 25 anos, amosando unha capacidade de organización e responsabilidade notorias, contando cunha grande experiencia e unha ampla rede de solidariedade en Vigo. Enténdese que as Administracións Públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias destes cidadáns; apoio que se traduce en subvencionar o desprazamento destes/as nenos/as ata a nosa cidade.

I.4. Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 09.05.2019 aprobouse o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL "VACACIÓNS EN PAZ" (2019-2021)», que foi asinado polas partes o 14.05.2019 (Exp. nº 180641/301).

I.5. O gasto aprobado para o financiamento dese Proxecto durante a vixencia do Convenio foi de 180.000€, a razón de 60.000€/ano. Nos orzamentos de 2019 existía xa consignación de crédito na aplicación nº 2310.489.00.11 – *convenio saharauis*-, por importe de **<u>60.000€</u>**. A subvención que se propoñía estaba prevista, pois, no orzamento de Benestar Social polo que tiña a consideración de subvención directa (nominativa) segundo o Art. 28 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As achegas municipais previstas para os exercicios posteriores de 2020 e 2021 (outros 60.000€/ano) quedaban condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.6. Sucede que nos orzamentos anuais para o exercicio de 2020, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo o 23.12.2019 (BOP nº 247, do 27.12.2019) figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 (*"Convenio saharauis"*), un importe de **70.000€** (10.000€ máis) polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación da Estipulación Terceira do Convenio.

I.7. En efecto, dacordo co previsto na súa Estipulación Décimo quinta: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda»*.

I.8. Á marxe disto, na situación actual, aínda baixo os efectos da grave crise sanitaria e social ocasionada pola pandemia do COVID-19, as partes entenden que resulta de todo punto imposible desenvolver este ano o proxecto de acollemento familiar temporal "VACACIÓNS EN PAZ" e o máis recomendable é que os/as nenos/as participantes permanezan nas súas *jaimas*, nos campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria).

Por parte da Delegación do Pobo Saharaui en Galicia e da Asociación SOGAPS propúxose ó Concello de Vigo substituir en 2020, con carácter excepcional, o financiamento do proxecto "VACACIÓNS EN PAZ" por outro consistente na subministración de axuda alimentaria a aqueles/as nenos/as e ás súas familias, tal como figura no "PROXECTO: URXENCIA ALIMENTARIA NOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS", cun orzamento de gastos de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS) e co que se pretende contribuír, especificamente, a paliar as carencias existentes en produtos básicos de alimentación (arroz, aceite, fariña, azucre, legumes, etc.) e mellorar así as condicións de vida da poboación que reside nos Campamentos de Refuxiados saharauis en Tindouf - Alxeria.

I.9. Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha ADDENDA ó Convenio de colaboración coa Asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharaui» asinado o 14.05.2019 que afecta ás súas Estipulacións Primeira, Segunda, Terceira e Cuarta.

I.10. Tal como se recollía expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharaui» sometida á aprobación da XGL en 2019, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.11. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.12. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 09.05.2019.

I.13. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e Apdo. terceiro, Ptos. 5, 13 e 14 das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área.

I.14. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa (Resolucións do 18.06.2019 e 26.06.2019, Apdo. Terceiro, Pto. 5 e Base nº 40.2), á Concelleira delegada de Política de Benestar Social.

I.15. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo e a «Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui», co texto que a seguir se transcribe. De acordo coa mesma, a achega municipal (máxima) para o que resta de vixencia deste Convenio sería de 140.000€ (70.000€/ano).

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 -*Convenio saharauis*–, destinado a financiar en 2020 o proxecto alternativo: **"PROXECTO: URXENCIA ALIMENTARIA NOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS"**, por imposibilidade de levar a cabo o

proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIÓNS EN PAZ” a causa da pandemia do COVID-19.

TERCEIRO.- A achega correspondente a futuros exercicios (2021) estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

CUARTO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (**http://transparencia.vigo.org**) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstant**e, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.**

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO EN 2020 DO “PROXECTO: URXENCIA ALIMENTARIA NOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS”

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno Local, Dª. Mª Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

Dª. María Isla Avión, con DNI nº 35.544.300-P, Presidenta da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharaui» (SOGAPS), CIF nº G-15924558, con sede social na Avda. Gregorio Espino, nº 57, baixo, de Vigo.

INTERVEÑEN

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, dacordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

Dª. María Isla Avión, actuando en representación da Asociación «SOGAPS», segundo así resulta da certificación do acordo adoptado na súa Asemblea xeral extraordinaria do 08.10.2018 e dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Dª. Mª Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. O 14.05.2019 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL "VACACIÓNS EN PAZ" (2019-2021)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 09.05.2019 (Exp. nº 180641/301).

II. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharaui (SOGAPS)» para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado "VACACIÓNS EN PAZ", que consiste no traslado a Vigo de nenos e nenas saharauis procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria) para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas.

III. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte: *«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación «SOGAPS» unha* ***subvención*** *para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021* ***por importe de 60.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 180.000€****. O gasto correspondente a 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 -convenio saharauis. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...»*.

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2020, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo o 23.12.2019 (BOP nº 247, do 27.12.2019) figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 (*"Convenio saharauis"*), un importe de **70.000€**, polo que resultaría preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela cláusula do Convenio.

V. En efecto, dacordo co previsto na súa Estipulación Décimo quinta: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda»*.

VI. Á marxe disto, na situación actual, aínda baixo os efectos da grave crise sanitaria e social ocasionada pola pandemia do COVID-19, as partes entenden que resulta de todo punto imposible desenvolver este ano, con todas as garantías esixibles, o proxecto de acollemento familiar temporal "VACACIÓNS EN PAZ" e o máis recomendable é que os/as nenos/as participantes permanezan nas súas *jaimas*, nos campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria).

Con todo, segundo expón a Asociación SOGAPS, esta situación está a ser moi difícil para a poboación refuxiada máis vulnerable, *"que representan o 88% dos 173.600 refuxiados, xa que os suministros de alimentos de urxencia estanse esgotando debido á falta de fondos. Como resultado do anteriormente mencionado, as organizacións humanitarias internacionais que operan nos campamentos de refuxiados saharauis, especialmente ACNUR, o PMA, UNICEF e cinco ONG internacionais (Oxfam, CISP, Médicos do Mundo, MPDL e SIA), emiti(ron) un*

*chamamento conxunto o 19 de abril de 2020 para solicitar aos donantes que realicen contribucións e donaciones para apoiar os procedemento de prevención da COVID-19 e evitar un maior deterioro na situación humanitaria..."*.

Así as cousas, tanto a Delegación do Pobo Saharaui en Galicia como a Asociación SOGAPS propuxeron ó Concello de Vigo substituir en 2020, con carácter excepcional, o financiamento do proxecto "VACACIÓNS EN PAZ" por outro consistente no subministro de axuda alimentaria urxente a aqueles/as nenos/as e ás súas familias, tal como figura no "PROXECTO: URXENCIA ALIMENTARIA NOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS", presentado formalmente, con toda a documentación requirida, o 10.06.2020 (Código solicitude W437518-9734; Doc. nº 200103919; Exp. nº 201258/301), cun orzamento de gastos de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS) e co que se pretende contribuír, especificamente, a paliar as carencias existentes en produtos básicos de alimentación (arroz, aceite, fariña, azucre, legumes, etc.) e mellorar así as condicións de vida da poboación que reside nos Campamentos de Refuxiados saharauis en Tindouf - Alxeria.

Tocante á execución deste proxecto alternativo, tal como se indica na Memoria presentada pola Asociación SOGAPS: *"A Media Luna Roja é a entidade que recibe as axudas económicas de todas as asociacións de solidariedade. É a encargada de facer a compra global dos produtos para os Refuxiados, dividindo de maneira equitativa entre as 5 wilayas cubrindo as necesidades urxentes diarias. Compra de Alimentos: Será realizada pola Media Luna Roja Saharauí no terreo para así eliminar os custes de traslado dende Galicia aos Campamentos, por ser estes moi elevados* (…) *Distribución: A Media Luna Roja Saharauí facilitará o transporte e o persoal necesario para a compra e distribución dos alimentos".*

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Terceira do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL "VACACIÓNS EN PAZ" (2019-2021)», que quedará coa seguinte redacción:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación «SOGAPS» unha subvención para os exercicios de 2020 e 2021 por importe de 70.000€/ano; en total, polo periodo que resta de vixencia do Convenio: 140.000€. O gasto correspondente a 2020 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 -convenio saharauis. A achega correspondentes a futuros exercicios (2021) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...»*.

SEGUNDO: Autorizar que para o exercicio de 2020, con carácter excepcional e motivado pola situación extraordinaria ocasionada pola pandemia do COVID-19, se substitúa a execución dese proxecto de acollemento familiar temporal por outro proxecto humanitario de axuda alimentaria ("PROXECTO: URXENCIA ALIMENTARIA NOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS") cun custe de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS), financiable con cargo á indicada aplicación nº 2310.489.00.11 – *convenio saharauis*.

TERCEIRO: A presente Addenda, que modifica -ademais da referida Estipulación Terceira- as Estipulacións Primeira, Segunda e Cuarta do Convenio asinado o 14.05.2019, estará en vigor

durante 2020. No ano 2021 as partes decidirán, á vista de todas as circunstancias concorrentes, sobre a continuidade deste proxecto alternativo ou, de ser viable, a do proxecto inicialmente previsto de “VACACIÓNS EN PAZ”».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

## 4(529).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO. EXPEDIENTE 6481/241.

Visto o informe de fiscalización do 6/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 22/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemeperie do concello de vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento procedemento aberto aberto de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemeperie do concello de vigo (PPT)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 7 de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do Concello de Vigo.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de 24 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 155.360,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.963,42 euros.*
*b) Propone un porcentaje de descuento de 27,1 (%) a aplicar aos prezos unitarios sinalados no apartado 3.G das FEC do PCAP.”.*

Dito contrato formalízase en data 16 de xullo de 2020, con data de entrada en vigor 1 de setembro de 2019. O prazo do mesmo é de 2 anos, estando previsto a posibilidade de 2 prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** En data 20 de maio de 2020, o servizo xestor informa que, conforme ao apartado 15 da FEC considérase conveniente a modificación do *“Contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie”* co obxecto de incluír o mantemento integral do novo ascensor entre a rúa San Salvador e Praza Isabel a Católica.

**Cuarto.-** Con data do 22 de maio de 2020 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

*“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do concello de Vigo (expediente 29-441) nos termos sinalados neste informe.*

*2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de a 6.615,68 euros (IVE incluído) (un 4,26 % do prezo do contrato), con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00.*

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

*4º.- Dar audiencia a THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U, por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan.”*

**Quinto.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, non presentou alegacións.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**
**Lexislación aplicable**

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

**-II-**
**Da modificación dos contratos**

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigo 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato por *"Un incremento das necesidades estimadas inicialmente por aumentar os traballos de mantemento e reparación"* e *" Por aumento ou diminución de instalacións ou elementos a manter."* (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar *" o incremento do número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as*

*necesidades reais"* establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe ven motivada pola necesidade de incluír, o mantemento integral do novo ascensor entre a rúa San Salvador e Praza Isabel a Católica.

Reprodúcese a continuación o informe do servizo xestor xustificando a concorrencia destas circunstancias que permiten a modificación:

*" Con data 04 de maio de 2018 iníciase o expediente de contratación do SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS AO INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO. Na memoria xustificativa e no prego de cláusulas administrativas particulares deste procedemento estímase como data de inicio de contrato o 1 de abril de 2019.*

*Debido as condicións de desenvolvemento da licitación, o presente "Contrato de mantemento integral de elementos mecánicos Intemperie do Concello de Vigo", expediente no 29/441, asínase o 16 de xuño de 2019, con data de entrada en vigor 1 de setembro de 2019.*

*Por outra banda, en data 23 de maio de 2019 recíbese a obra de IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL), ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA, a cal contempla un ascensor intemperie que salva 7 m de desnivel con dúas paradas.*

*O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local o 7 de febreiro de 2019 establece expresamente na Cláusula 35 que o contrato poderá ser obxecto de modificación se así se ten especificado no apartado 15.A da FEC.*

*O referido apartado 15.A das FEC establece nos aspectos a modificar o incremento de número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais. As circunstancias que determinan a modificación no apartado C inclúe aumento ou diminución de instalacións ou elementos a manter.*

*Tendo en conta a necesidade de incluír o mantemento deste ascensor, considérase conveniente polo técnico que subscribe a modificación do "Contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie" co obxecto de incluír o mantemento integral do novo ascensor entre a rúa San Salvador e Praza Isabel a Católica.*

*Considerando que os prezos contemplados no Prego de Prescricións Técnicas Particulares por ascensores similares, e a oferta presentada pola empresa adxudicataria a aplicar aos prezos unitarios marcados no apartado 3.G das FEC, ascendería a 364,50 €/mes (sen IVE), e que o período da modificación comprenderá ata a data fin de contrato estimado para o 31 de agosto de 2.021, valórase a modificación, con cargo a aplicación orzamentaria 1532.227.99.00, en :*

*Ano 2.020.-período comprendido entre o 1 de xuño de 2.020 e 31 de decembro de 2.020: 3.087,32 euros (IVE engadido).*

*Ano 2.021- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.021 e 31 de agosto de 2.021: 3.528,36 euros (IVE engadido)."*

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

1. Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, debido ao aumento de instalacións ou elementos a manter, resulta necesario incrementar o número de unidades de prestación de mantemento na contía necesaria para cubrir as necesidades reais (apartados 15.B e 15.C da FEC).

2. Supón un incremento do prezo do contrato de 6.615,68 euros, que equivale a un 4,26 % do prezo do contrato, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 20% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

**-III-**

**Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: manter en adecuadas condicións os elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo en base ás competencias propias previstas no artigo 25.2.d da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizo é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 6.615,68 euros;

3.087,32 euros no exercicio 2020 e 3.528,36 euros no exercicio 2021, que imputaranse á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00.

Evacuado o trámite de audiencia o contratista, que non presentou alegacións formúlase proposta sobre esta modificación ao órgano de contratación.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

**-IV-**

**Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

**-V-**

**Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

**-VI-**

**Recursos**

Contra este acordo os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso especial en

Concello de Vigo

materia de contratación, no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da súa publicación no perfil de contratante deste Concello, consonte ao disposto no artigo 44 e seguintes da LCSP.

Así mesmo poderá ser impugnado na vía xurisdicional contencioso-administrativa, interpoñendo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo.

**-VII-**

**Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

**-VIII-**

**Acordo**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*"1º.- Modificar o contrato de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos intemperie do concello de Vigo (expediente 29-441) nos termos sinalados neste informe. A modificación supón un incremento do importe total do contrato de a 6.615,68 euros (IVE incluído) (un 4,26 % do prezo do contrato).*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:*

| *Aplicación orzamentaria* | *2020* | *2021* |
|---|---|---|
| *1532.227.99.00.* | *3.087,32 €* | *3.528,36€* |

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

*4º.-Publicar este acordo no perfil de contratante.*

*5.º - Formalizar por escrito esta modificación.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(530).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA 2ª LIQUIDACIÓN DE 2018, 1ª LIQUIDACIÓN 2019 E 2ª LIQUIDACIÓN 2019 DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR SOBRE O RÉXIME DE COFINANCIAMENTO PARA AS ESCOLAS INFANTÍS. EXPTE. 24106/332.**

Visto o informe xurídico do 30/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 8/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.- 1ª liquidación de 2017:** En data 5 de outubro de 2017 foi notificada no rexistro Xeral do Concello de Vigo resolución do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de 29.09.2017 de aprobación da 1ª liquidación de 2017, referida ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Doc. 170136820). Con esta resolución achéganse dúas liquidacións:

- Liquidación núm. 395-2017 (39 prazas x750 €/praza) referida a Escola Infantil da rúa Palencia, por importe de 29.250,00 €
- Liquidación núm. 396-2017 (98 prazas x750 €/praza) referida a Escola Infantil de Valadares por importe de 73.500,00 €.

Nesta resolución indicase que esta primeira liquidación de 2017 corresponde á primeira metade do curso escolar 2016/17.

**II.-**O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar remite estas liquidacións fundamentándoas no réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. (DOG núm 28, do 9 de febreiro de 2017) :

*"Un. O sistema de cofinanciamento dos servizos que se presten nas escolas infantís e nos centros de día xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou entidade que se subrogue nos seus dereitos e obrigas establecidos nos instrumentos de colaboración cos concellos e mancomunidades con fundamento nas competencias que sobre esta materia teñen atribuídas pola normativa vixente as entidades locais, rexerase polo disposto nos apartados seguintes deste artigo, coa finalidade de garantir a sustentabilidade financeira dos servizos que se prestan a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en colaboración cos concellos e mancomunidades, e de homoxeneizar as súas condicións en garantía da seguridade xurídica. Todo en consonancia co acordo marco asinado pola Consellería de Política Social coa Federación Galega de Municipios e Provincias.*

*Dous. As cantidades que corresponda aboar ás entidades locais derivadas do réxime de cofinanciamento previsto neste artigo terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exixibles, e poderán ser obxecto de compensación coa participación daquelas no Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación.*

*Cando o obrigado ao pagamento for unha mancomunidade de municipios,(...).*

*Tres. Para establecer a participación dos concellos e mancomunidades no cofinanciamento das escolas infantís e dos centros de día aplicarase o disposto no anexo I desta lei, cuxas condicións serán aplicables con efectos do 1 de xaneiro de 2017.*

*Catro. O Consorcio ou ente que o substitúa expedirá semestralmente as liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento correspondentes ás entidades locais, nas que se indique o número de usuarios e as cantidades aplicables de acordo co establecido no anexo I desta lei. As entidades locais deberán aboalas no prazo de tres meses. Nos casos de discrepancia na contía, se non se acada acordo na comisión de seguimento establecida nos convenios formalizados no seu día, o Consorcio ou ente que o substitúa ditará resolución motivada e fixará a contía, sen prexuízo de que a entidade local poida recorrer na vía xurisdicional contencioso-administrativa.*

*Cinco. O réxime de cofinanciamento previsto nesta disposición e no anexo I será aplicable aos convenios xa subscritos polas entidades locais e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, así mesmo, será aplicable ás entidades locais que non teñan convenio asinado pero respecto das cales o Consorcio asumise ou asuma a xestión dos centros localizados no territorio dos ditos concellos. En ambos os casos será aplicable unha vez que transcorra o prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta norma, salvo que dentro dese prazo as entidades locais remitan o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local no que se opte polo mantemento do réxime xurídico e de cofinanciamento que derive do convenio no seu día formalizado. Neste último caso, o Consorcio procederá á exixencia, polas vías legais procedentes, das cantidades íntegras pendentes de pagamento segundo o réxime que derive do correspondente convenio, sen prexuízo do seu dereito a resolver o convenio por incumprimento.*

*Seis. As entidades locais que se acollan ao réxime de cofinanciamento establecido no presente artigo para a xestión das escolas infantís e dos centros de día a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa poderán acollerse a unha nova liquidación das cantidades pendentes de pagamento, de acordo cos novos criterios económicos fixados nesta lei, aplicados con carácter retroactivo aos anos anteriores.*

*Sete. Para os anteriores efectos, o Consorcio ou ente que o substitúa revisará no prazo dun ano desde a aprobación desta lei todas as liquidacións correspondentes aos anos anteriores practicadas e que foron remitidas aos concellos.*

*Oito. Ás entidades locais que opten por esta fórmula, unha vez aprobadas as novas liquidacións, aplicaráselles unha bonificación equivalente á metade da cantidade resultante. Co pagamento da citada cantidade daranse por cumpridas as obrigas pendentes co Consorcio.*

*Establecerase un prazo de fraccionamento para o pagamento desas novas liquidacións de cinco anos, a solicitude do concello, que podería ampliarse naqueles supostos excepcionais en que a situación económica do concello o requira por estar inmerso nun plan de axuste. En todo caso, a aqueles concellos que xa aboaron total ou parcialmente as liquidacións de anos anteriores compensaránselles nas liquidacións futuras os saldos que resulten de aplicación de acordo con esas revisións. “*

**III.-** A Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de novembro de 2017 acordou interpoñer de acordo co disposto no Art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, requirimento de anulación ou revogación con carácter previo á interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 29.09.2017 pola que se aprobou a *"1ª liquidación ano 2017 – Curso escolar 2016-17"* Réxime de cofinanciamento para as escolas infantís de Vigo, Rúa Palencia por importe de 29.250,00 € e Valadares por importe de 73.500,00 €, xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar" [liquidacións núms. 395/2017, e 396/2017] e, que na súa virtude, se dite outra pola que se deixen sen efecto as liquidacións aprobadas e a esixencia de pagamento contida naquela Resolución, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento.
Dito requirimento foi presentado en data 30 de novembro de 2017, sen que ata a data recaera resolución.

**IV.-** Non obstante a interposición do indicado requirimento, a fin de evitar maiores prexuízos económicos á administración municipal derivados dun eventual incremento das contías polos xuros e recargos que se puidesen devengar, por resolución de 03-01-2018 foi autorizado o gasto e ordenado o pagamento das referidas liquidacións, (1ª liquidación 2017, referida a Escola Infantil da Rúa Palencia e Escola Infantil Valadares, por importes de 29.250,00€ e 73.500,00€ respectivamente).

**V.- 2ª liquidación 2017:** En data 10 de decembro de 2019 tivo entrada no Concello de Vigo escrito asinado polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro num.190195059) ao que se acompañan dúas liquidacións provisionais referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
As liquidacións son as seguintes :
- 2ª Liquidación provisional núm. 756-2017, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (40 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.000,00 €.
- 2ª Liquidación provisional núm. 757-2017, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (97 prazas x 750 €/praza) por importe de 72.750,00 €.

Nestas liquidacións indicase que corresponde á metade da contía anual, curso escolar 2016/17.

**VI.- 1ª liquidación 2018:** En data 13 de decembro de 2019 tivo entrada no Concello de Vigo escrito asinado polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro num.190198255) ao que se acompañan dúas liquidacións provisionais referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
As liquidacións son as seguintes :
- 1ª Liquidación provisional núm. 203-2018, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (99 prazas x 750 €/praza) por importe de 74.250,00 €.
- 1ª Liquidación provisional núm. 202-2018, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (36 prazas x 750 €/praza) por importe de 27.000,00 €.

Nestas liquidacións indicase que corresponde á metade da contía anual, curso escolar 2017/18.

**VII.-** Respecto destas catro liquidacións (2ª liquidacións 2017: núm. 756-2017 e núm. 757-2017) e (1ª liquidacións 2018: núm. 203-2018 e núm. 202-2018) por resolucións de 27-12-2019 foi autorizado o gasto e ordenado o pagamento das mesmas polos importes sinalados nos antecedentes V e VI.
Nestas resolucións, ao igual que o indicado sobre o pagamento da 1ª liquidación 2017, de novo ponse de manifesto o desacordo municipal con este réxime de cofinanciación, e a indicación de que o pagamento destas liquidacións non presupón a conformidade coas mesmas.
A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2020, acordou interpoñer recurso contencioso-administrativo contra as referidas liquidacións, reclamando a devolución das cantidades pagadas.

**VIII.- 2ª liquidación 2018:** En data 10 de marzo de 2020 tivo entrada no Concello de Vigo escrito asinado polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro núm.200039687) ao que se acompañan dúas liquidacións referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 2ª Liquidación definitiva núm.559-2018, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.
- 2ª Liquidación definitiva núm. 558-2018, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (37 prazas x 750 €/praza) por importe de 27.750,00 €.

Nestas liquidacións indicase que corresponden á metade da contía anual, curso escolar 2017/18.
Estas liquidacións foron pagadas por resolución de 27- 05-2020 do Concelleiro delegado de Educación e Xuventude na que se autoriza o gasto e ordena o pagamento das mesmas, manifestando, novamente, o desacordo municipal con este réxime de cofinanciación.

**IX.- 1ª e 2ª liquidacións 2019:** O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segue a remitir liquidacións en base ao réxime de cofinanciamento para escolas infantís tendo entrada en data 01-06-2020 notificación de aprobación da 1ª liquidación 2019 (doc. Rexistro núm 200098095) e notificación da 2ª liquidación 2019 (doc. 200098098) achegando as seguintes liquidacións referidas ao ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

- **1ª liquidacións 2019**

- 1ª Liquidación definitiva núm. 376-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (39 prazas x 750 €/praza) por importe de 29.250,00 €.
- 1ª Liquidación definitiva núm.377-2019, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

- **2ª liquidacións 2019**

- 2ª Liquidación definitiva núm.774-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (41 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.750,00 €.
- 2ª Liquidación definitiva núm. 775-2019 cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

**X.- 1ª liquidación 2020:** En data 04-06-2020 o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar presenta no Rexistro Xeral do Concello a 1ª liquidación 2020 (doc.200101264), achegando dúas liquidacións provisionais referidas ao ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
As liquidacións son as seguintes :
- 1ª Liquidación provisional núm. 134-2020, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (41 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.750,00 €.
- 1ª Liquidación provisional núm. 135-2020, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (97 prazas x 750 €/praza) por importe de 72.750,00 €.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**1.-** En primeiro lugar compre ter en conta a o establecido na Disposición adicional novena da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRSAL). *"Convenios sobre ejercicio de competencias y servicios municipales.*

*1. Los convenios, acuerdos y demás instrumentos de cooperación ya suscritos, en el momento de la entrada en vigor de esta Ley, por el Estado y las Comunidades Autónomas con toda clase de Entidades Locales, que lleven aparejada cualquier tipo de financiación destinada a sufragar el ejercicio por parte de éstas últimas de competencias delegadas o competencias distintas a las enumeradas en los artículos 25 y 27 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, deberán adaptarse a lo previsto en esta Ley a 31 de diciembre de 2014. Transcurrido este plazo sin haberse adaptado quedarán sin efecto."*

Como consecuencia desta disposición o convenio para a xestión da Galaescola da rúa Palencia asinado 16 de xuño de 2008 quedou sen efecto ao non ter sido adaptado no prazo legalmente establecido.

**2.-** As competencias municipais en materia de educación son as recollidas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local (LRBRL), conforme a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece como competencia propia:
*"n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial."*

A Lei 5/1997, de 22 de xulio, de Administración Local de Galicia, regula como competencias propias no apartado 2 do artigo 80:
*" ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construcción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.*

*o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade."*

**3.-** Tras a modificación do esquema competencial pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a única competencia propia dos municipios en materia educativa é a prevista no citado artigo 25.2 n da Lei 7/1985, do 2 de abril. A supresión do artigo 28 da RLBRL conleva que os municipios non poden exercer actividades complementarias en materia de educación.

**4.-** Non obstante, os concellos poderán seguir seguir prestando competencias distintas das propias que xa viñan prestando, si con isto non se pon en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. Para estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón da materia, no que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias. Todo isto de conformidade co establecido no artigo 7.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local: *"Las Entidades Locales solo podrán ejercer competencias distintas de las propias y de las atribuidas por delegación cuando no se ponga en riesgo la sostenibilidad financiera del conjunto de la Hacienda municipal, de acuerdo con los requerimientos de la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera y no se incurra en un supuesto de ejecución simultánea del mismo servicio público con otra Administración Pública. A estos efectos, serán necesarios y vinculantes los informes previos de la Administración competente por razón de materia, en el que se señale la inexistencia de duplicidades, y de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera sobre la sostenibilidad financiera de las nuevas competencias.*

*En todo caso, el ejercicio de estas competencias deberá realizarse en los términos previstos en la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas."*

**5.-** Por outro lado, o artigo 27 da LRBRL contempla unha serie de competencias que poden ser obxecto de delegación, entre elas, a creación, mantemento e xestión das escolas infantís de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil (art 27.3 e). Delegación que deberá de ir acompañada da correspondente financiación.

**6.-** A Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, na súa disposición adicional cuarta establece que as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiación autonómica e das facendas locais previsto nela.

**7.-** Como xa se indicou, a Lei galega 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación dispón no citado artigo 69, apartado cinco, que o réxime de cofinanciación será aplicable aos convenios subscritos polas entidades locais e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, así mesmo, será aplicable as entidades locais que non teñan convenio firmado pero respecto das cales o Consorcio teña asumido ou asuma a xestión dos centros ubicados no territorio de ditos concellos.

Compre sinalar que o Concello de Vigo xa asume o custo da xestión de oito escolas infantís. No seguinte cadro se indican os custes dos contratos de xestión das escolas municipais:

| Escola | Importe anual |
|---|---|
| EIM Atalaia-Teis | 175.989,00 |
| EIM Sta. Cristina-Lavadores | 186.900,00 |
| EIM Costeira-Saiáns | 186.900,00 |
| EIM Sta. Marta-Casco Vello | 186.900,00 |
| EIM Tomás Alonso | 249.405,59 |
| EIM Bouzas | 246.405,59 |
| EIM Mestres Goldar-Castrelos | 178.607,00 |
| EIM Navia | 166.260,00 |

Das escolas relacionada as escolas EIM Mestres Goldar-Castrelos e EIM Navia foron creadas despois das modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sustentabilidade da Administración Local, polo que se solicitou á Xunta de Galicia autorización para o inicio das actividades das novas escolas infantís, remitindo o Concello informe da Intervención municipal sobre a sustentabilidade financeira da nova actividade.

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia dictou sendas resolucións, ambas do 4 de marzo de 2016, polas que se concede autorización para a creación e para o inicio de actividades das indicadas escolas infantís.
A prestación polo Concello de Vigo do servizo de escolas infantís (0-3 anos) mediante as oito escolas que conforman a Rede Municipal de Escolas Infantís, supón un importante esforzo económico polo que, atendendo ao réxime de competencias legalmente establecido e aos principios de equilibrio orzamentario e sustentibilidade financeira, non parece que a administración autonómica poida esixir, a maiores, o financiamento de servizos competencia da propia administración autonómica .

**8.-** Así as cousas e tendo en conta a anterior fundamentación xurídica, o réxime de cofinanciamento establecido polo artigo 69 da Lei Galega 2/2017 é contrario á Constitución e contravén a Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación das Comunidades Autónomas (LOFCA) que non prevé coma fonte de financiamento das CC.AA a detracción de ingresos das entidades locáis. A actuación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar estimase contraria aos principios de estabilidade orzamentaria, principio de sustentabilidade financeira, principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a regra de gasto, todos eles recollidos nos artigos 3, 4, 7 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

**9.-** Tendo en conta a interposición do requirimento de anulación ou revogación con carácter previo a interposición de recurso contencioso-administrativo, e vista a fundamentación recollida no mesmo, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar non debería

continuar remitindo estas liquidacións en tanto non resolva sobre a anulación ou revogación das primeiras liquidacións, dado que de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todo los procedementos.

É competente para acordar a interposición deste recurso a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no artigo 127.1.j) da LRBRL (L.7/1985) e no apartado primeiro punto 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18-06-2019 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que corresponde a este órgano colexiado o *«exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas»*.

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro.-** Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra as liquidacións que se identifican a seguir:

- **2ª liquidación 2018:**

- 2ª Liquidación definitiva núm.559-2018, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

- 2ª Liquidación definitiva núm. 558-2018, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (37 prazas x 750 €/praza) por importe de 27.750,00 €.

- **1ª liquidacións 2019**

- 1ª Liquidación definitiva núm. 376-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (39 prazas x 750 €/praza) por importe de 29.250,00 €.
- 1ª Liquidación definitiva núm.377-2019, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

- **2ª liquidacións 2019**

- 2ª Liquidación definitiva núm.774-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (41 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.750,00 €.
- 2ª Liquidación definitiva núm. 775-2019 cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

**Segundo.-** Reclamar a devolución das cantidades abonadas por estas liquidacións.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(531).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS DE DINAMIZACIÓN DO FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV). EXPTE. 24177/332.**

Visto o nforme xurídico do 16/06/2020 e o informe de fiscalización do 23/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 15/05/2020, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 23 de Febreiro de 2020, o Concelleiro de Educación e Xuventude, resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico de Educación de data 21/02/2020.
- Resolución do Concelleiro de Educación e Xuventude de 23/02/2020 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Declaración redactor do PPT do técnico de Educación de data 26/02/2020.
- Prego de prescripcións técnicas (PPT) de data 24/03/2020 redactado polo técnico de Educación.
- Memoria xustificativa de data 24/03/2020, redactada polo técnico de Educación.
- Informe de data 13/04/2020 da técnica de administración xeral do servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 13/04/2020 redactado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do CEMV, como órgano colexiado de vital importancia para facer efectivo o dereito de participación e colaboración de todos os estamentos da Comunicade Educativa na procura da acadar un ensino de calidade para todos os cidadáns vigueses.

Duración: A duración do contrato será de dous anos, existindo a posibilidade de ser prorrogado por outros dous anos.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 16.940,00 euros (14.000,00.-€, máis 2.940,00.-€ de IVE a soportar pola administración), polo que o prezo do contrato é de 33.880,00.-€ (28.000,00.-€, máis 5.880,00.-€ de IVE a soportar pola administración)

Aplicación orzamentaria: 3230.227.99.10 “Estudos e traballos técnicos” e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do CEMV.

2º.- Aprobar o Prego de prescripcións técnicas de 24/03/2020 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 13/04/2020 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de de dinamización do funcionamento do CEMV.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 33.880,00.-€ (6.160,00.-€ na anualidade de 2020, 16.940,00.-€ na anualidade de 2021 e 10.780,00.-€ na anualidade de 2022) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de de dinamización do funcionamento do CEMV. por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.10 “Estudos e traballos técnicos” e bolsa de vinculación.
O valor estimado do contrato estipúlase en 56.000,00.-€

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(532).- PROXECTO DE CONVENIO COA UNIÓN COMARCAL DE U.G.T. VIGO NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACTIVIGO-ASESORAMENTO PERSOAS AFECTADAS POR ERTE, E PERSOAS DESEMPREGADAS”. EXPTE. 17250/77.**
Visto o informe de fiscalización do 03/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 25/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011 solicita, mediante escrito remitido en data 16/03/2020 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documentos núm. 200042778, 200047467, 200047712, 200048984, 200075435) a colaboración do Concello de Vigo para a subscrición dun convenio para o desenvolvemento do "Programa Activigo", achegando a seguinte documentación complementaria:

- certificado de titularidade da conta bancaria.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 12/03/2020.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 12/03/2020.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 12/03/2019..
- declaración xurada de que a entidade non está incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- declaración responsable das axudas recibidas para o programa.
- orzamento de gastos do proxecto (01-01-2020 – 30-09-2020)
- memoria do Proxecto Activigo _Asesoramento persoas afectadas por ERTE, e persoas desempregadas.

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 488-96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do Emprego", por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 14/04/2020 o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do R.D. 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 modificado polo Decreto 465/2020, ao ter constancia da declaración de conformidade non suspensión do prazos (achegada o 06/04/20) e ao ter por obxecto o fomento do emprego e paliar as consecuencias económicas provocadas polo COVID-19, sendo preciso para o interese xeral.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 16/04/2020 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Obxecto:**

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á "Unión Comarcal U.G.T. Vigo" no marco do plan municipal de emprego, mediante o desenvolvemento do Programa ACTIVIGO, no deseño e dirección das políticas activas de emprego, de cara a mellorar a empregabilidade na situación do mercado laboral e a previsión de agravamento motivada pola crise do Covid-19.

**II. Procedemento de concesión directa:**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión Comarcal UGT Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2020.

**III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:**

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá

Pola outra parte, asinará o convenio don D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011, ou representante debidamente acreditado, de ser precisa a súa substitución, segundo resultou acreditado mediante poder notarial referido nos antecedentes.

**IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:**

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (*apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (*apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego *e moi especialmente nos anos 2016 e 2017, mediante a sinatura de convenios coa "**UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO**", para a o desenvolvemento do "Proxecto Activigo"*

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Nesta liña, e mediante resolución de delegación de competencias da Alcaldía, de 26 de xuño de 2019, se encomendou ao concelleiro de Emprego, o deseño e dirección das políticas

activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade, de cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras. Deste xeito, dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, debemos de ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

**IV. Contía total e crédito orzamentario:**

O importe do convenio de 37.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4800001 “Convenio UGT Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2020 ao 30/09/2020).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

**V. Normativa de aplicación:**

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de

desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica**:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade solicitante está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

**VII. Publicidade:**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**VIII. Órgano competente:**
O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

**IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1) Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal UGT Vigo, con CIF: G-15383011 no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do Programa Activigo.

2) Autorizar o gasto de **37.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020.

3) Facultar ao Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.

4) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO. NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACTIVIGO (EXPTE. 17250/77)

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil vinte

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.
Doutra parte, D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclio Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 17250/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio segundo poder notarial presentado o 16/03/2020.
E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

**MANIFESTAN**

**PRIMEIRO:** Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (*apartado terceiro a) nin a *continuidade*

Concello de Vigo

*da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (*apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego *e moi especialmente nos anos 2016 e 2017, mediante a sinatura de convenios coa "**UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO**", para a o desenvolvemento do "Proxecto Activigo"*

Neste marco normativo, cómpre subliñar que o fomento do emprego constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da Xunta de Goberno Local do 09/03/2012) en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, cómpre ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego das persoas máis vulnerables cara a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, e para iso cómpre poñer á súa disposición canta información e orientación sexa posible, e moi especialmente da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración e que se concretan na realización dunha serie de actividades informativas e participativas, fomentando mediante o coñecemento e, a súa implicación a creación de emprego, procurando que os custes do convenio de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias a Unión Comarcal de UGT de Vigo.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta e a formación de persoas desempregadas o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo.

A colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais se fose necesario e do persoal do propio sindicato, con un gran coñecemento do entorno laboral e experiencia no apoio ás persoas mozas e as persoas desempregadas de longa duración, permitirá desenvolver políticas de busca de emprego, de tal xeito que lles permita a súa incorporación ao mundo laboral.

## MANIFESTAN

**I.-** Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 16/03/2020 co nº de doc. 200042775 e 6/04/2020, 07/04/2020 e 14/04/2020, respectivamente cos nº de documentos 200047467, doc.200047712, doc.200048984, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

- Recompilación de toda a información existente respecto dos programas de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego.
- Accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego.
- Reunións de traballo con asociacións, organizacións, centros educativos, ... coa finalidade de realizar charlas informativas a demanda.
- Xornadas de difusión directas e abertas.
- Acompañamento e axuda na inscrición aos programas.
- Accións de información e difusión a través das TIC´s.
- Elaboración de materiais informativos e divulgativos.

**II**.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal de UGT de Vigo, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.
Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencia que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral, e das persoas desempregadas en particular.

**III.-** Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de UGT de Vigo entre as persoas desempregadas de todos os sectores e idades, e a falta de persoal especializada na elaboración deste tipo de traballos de difusión, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2020, para o desenvolvemento dun convenio coa UGT para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

**V**.- Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público e social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de UGT de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

**PACTOS**

**Primeiro.-** A Unión Comarcal de UGT de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor e da concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, das seguintes actividades:

1. Recompilación de toda a información existente respecto dos programas de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego
2. Accións participativas e presenciais de información e difusión o Plan de Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o emprego, mediante:
   - Reunións de traballo.
   - Xornadas.
   - Charlas informativas
3. Accións de información e difusión a través das TIC´s.
4. Elaboración de materiais informativos e divulgativos.
5. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
6. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
7. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá- como **patrocinador** das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respectar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de UGT de Vigo.
3. Conceder directamente á Unión Comarcal de UGT de Vigo unha subvención por importe de 37.000,00 €, dos que 36.000,00 € corresponden aos custes salariais e de seguridade social do persoal de nova contratación e da propia entidade e 1.000,00 € para outros gastos, necesarios para o desenvolvemento do proxecto, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto**.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou

elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá

**Oitavo.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Noveno.-** Comisión de seguimento.
Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
  1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  2. Dous membros da Unión Comarcal de UGT de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presencia da maioría absoluta dos seus membros que incluirá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- ✓ Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- ✓ Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- ✓ Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Décimo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **15 de outubro de 2020.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.
A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.
Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarase, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2020.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe/a do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

**Décimo cuarto.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.

2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Décimo sétimo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

**Décimo oitavo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal de UGT de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo noveno.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Vixésimo.-** O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2020.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, __________________ de 2020.

**8(533).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE, NOS MESES DE MAIO E XUÑO DO ANO 2020. EXPTE. 10162/224.**

Dáse conta do informe-proposta 03/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:
Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, nos meses de maio e xuño do ano 2020.

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicataria | Aplicación orzamentaria | Data Decreto | Importe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 10023-224 | CMSR | Carga e renovación dos extintores existentes no Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller-CMIDM- e na Casa das Mulleres | Extintores Marinex, S L | 23112190001 | 28/05/2020 | 309,16 € |
| 10124-224 | CMSR | Prestación dun máximo de 983 horas do "Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia" | Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo | 23112279902 | 10/06/2020 | 14.990,75 € |
| 10125-224 | CMSR | Prestación dun máximo de 90 horas de asesoramento xurídico de apoio a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. | Asunción Álvarez Lois | 23112279906 | 10/06/2020 | 4.356,00 € |
| 10036-224 | CMSU | Adquisición de diversos elementos de protección fronte á COVID-19 destinados aos centros de traballo adscritos ao Servizo de Igualdade | Cíes Atlántico S L Unipersonal | 23112219900 | 04/06/2020 | 2.244,37 € |

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(534).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE ENTRE OS MESES DE OUTUBRO-2019 A SETEMBRO-2020 E PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS. EXPTE. 9473/320.**
Visto o informe de fiscalización do 03/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 25/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Concello de Vigo

**ANTECEDENTES**
I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 27/02/2020, D. Juan Freiría Barros (DNI: 3596*****), en calidade de presidente da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos (CIF: G-36623593), achegou escrito (doc.200032911), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2019-2020, a realizar entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Juan Freiría Barros, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 26/05/2020
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 05/03/2020
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 04/03/2020
- Certificado do Concello de Vigo, de data 18/02/2020

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).

2. Datos do representante legal (anexo II).

3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).

6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| **ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (1 de Outubro 2019 a 30 de Setembro 2020)** | |
|---|---|
| Imposto Bens Inmobles | 12.000,00 € |

| | |
|---|---|
| Parte proporcional de luz | 2.500,00 € |
| Parte proporcional combustible, calefacción | 1.200,00 € |
| Parte proporcional de auga | 400,00 € |
| Parte proporcional de teléfono | 400,00 € |
| Parte proporcional de seguro | 500,00 € |
| **TOTAL** | **17.000,00 €** |

| **ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2019 - 30/09/2020)** | |
|---|---|
| Axuda Concello Viveiro de Asociacións | 17.000,00 € |
| **TOTAL** | **17.000,00 €** |

8. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

   a) Fundamentación, obxectivos e metas
   b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
   c) Lugar de realización
   d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
   e) Recursos humanos e materiais
   f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por

acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº  6/87, segundo resolución da Alcaldía de data 09/03/1987.

V. O vixente exercicio presupostario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019,  inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

VI. En data 25/05/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 18/02/2020 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

***I. OBXECTO***

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos para o fomento das actividades programadas a realizar pola entidade entre o 1 de outubro 2019 e o 30 de setembro de 2020, mediante a contribución nos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento daquelas, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

Segundo recolle o art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir*.
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas*

*persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*

- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

***II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES***

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio D. Juan Freiría Barros, con DNI 3596*****, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 9473/320.

***III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA***

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conten co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público , o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

***IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA***

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

***V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO***

O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 “*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina"*

*de Castrelos*”, cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á *A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos* son gastos destinados ao mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2019-2020, a realizar entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

***VI. ANTICIPO***

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados

insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non

atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

***VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA***

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2020.**

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

***VIII. PUBLICIDADE***

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

***IX. ÓRGANO COMPETENTE***

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con cáracter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

***X. RÉXIME DE RECURSOS***

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.** - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 17.000,00 € (dezasete mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890009 denominada "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", incluída no vixente orzamento municipal de 2020.

**SEGUNDO.** - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*" (CIF.- G36623593), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e para a coordinación e xestión pola entidade do viveiro de asociacións nas súas instalacións, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 17.000 € (dezasete mil euros).

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A *ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS* PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE OS MESES DE OUTUBRO 2019 A SETEMBRO DE 2020, ASÍ COMO, PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DUN VIVIEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, con DNI 3596*****, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente núm. 9473/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

**MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis
do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.

Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.

Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. “Monte da Mina”, así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.

III.- Que a entidade A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos, de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir*.
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas e a realizar entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada “*Convenio Asociación Monte da Mina*”, nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 17.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades entre o 1 de outubro de 2019 a 30 de setembro de 2020, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO<br>(1 de Outubro 2019 a 30 de Setembro 2020) | |
|---|---|
| Imposto Bens Inmobles | 12.000,00 € |
| Parte proporcional de luz | 2.500,00 € |
| Parte proporcional combustible, calefacción | 1.200,00 € |
| Parte proporcional de auga | 400,00 € |
| Parte proporcional de teléfono | 400,00 € |
| Parte proporcional de seguro | 500,00 € |
| **TOTAL** | **17.000,00 €** |

VIII.- Que a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* non incorre en ningunha circunstancia e prohibición recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local,

e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

## PACTOS

**Primeiro**.- A entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas dependencias do seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

**Planta 1ª**

| Local | Medidas | Superficie |
|---|---|---|
| Sala de lecturas | 14, 60 x 7,40 | 108,04 $m^2$ |
| Sala de xuntas | 5,45 x 5,80 | 31,61 $m^2$ |

**Primeiro soto**

| Local | Medidas | Superficie |
|---|---|---|
| Núm. 1 | 9,60 x 5,60 | 53,76 $m^2$ |
| Núm. 2 | 2,20 x 5,60 | 12,32 $m^2$ |
| Núm. 3 | 6,00 x 8,10 | 48,60 $m^2$ |
| Núm. 4 | 2,90 x 6,38 | 18,49 $m^2$ |

Concello de Vigo

| | | |
|---|---|---|
| Núm. 5 | 6,00 x 6,65 | 39,90 $m^2$ |
| Núm. 6 | 9,00 x 3,60 | 32,40 $m^2$ |
| Núm. 7 | 6,10 x 5,40 | 32,94 $m^2$ |
| Núm. 11 | 5,35 x 4,30 | 22,90 $m^2$ |

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, mentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociacións.

2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.

3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.

4. Desenvolver as actividades programadas pola entidade para os meses de outubro 2019 a setembro de 2020, conforme ao proxecto achegado.

5. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.

6. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.

7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.

9. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.

10. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.

11. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

12. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio.

13. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a sua lectura no prazo de 10 días

naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

***Segundo***.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos.

2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 17.000 € (dezasete mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada “*Convenio Asociación Monte da Mina*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados e a realizar entre o 1 de outubro 2019 e o 30 de setembro de 2020, así como, para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.

Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de administración, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga, luz, combustible...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, etc...

3. Respectar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

***Terceiro***.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

***Cuarto***.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

***Quinto***.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

***Sexto***.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvenció pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

***Sétimo***.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2019 ao 30/09/2020.

***Oitavo***.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
    - O concelleiro de Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia.
    - O/A xefe/a do servizo de Participación Cidadá.

2. Representantes do A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos:
    - Presidente da asociación.
    - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.

3. Viveiro de Asociacións:

- Un representante de cada unha das asociacións participantes.

***Noveno*.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2020.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada
a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica,** por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A Conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.

3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente,** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incursa en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

***Décimo.-*** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES40 2080 5073 0930 4000 2195 (ABANCA).

***Décimo primeiro***.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos.

***Décimo segundo***- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020.

***Décimo terceiro***.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

***Décimo cuarto***.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

***Décimo quinto***.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

***Décimo sexto***.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de

Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

***Décimo sétimo***.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclución do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

***Décimo oitavo***.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

***Décimo noveno***.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

*Vixésimo*.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

**10(535).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 9411/320.**

Visto o informe de fiscalización do 03/07/2020, dáse consta do informe-proposta do 1/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución 23/10/19), polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 29/01/2020, Dona Ana María Gil Lodeiro (DNI: 3598***** ), en calidade de presidenta da "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"" (CIF: G36821817), achegou escrito (doc. 200015138), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2020, entre 01/10/2019 ata o 30/09/2020, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Gil Lodeiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Certifficado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 29/01/2020
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 29/01/2020
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 04/03/2020
- Certificado do Concello de Vigo, de data 18/02/2020

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).

3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).

6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| **ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2019-30/09/2020)** | |
|---|---|
| Aluguer local | 13.850,00 € |
| Subministros (auga, enerxía eléctrica) | 300,00 € |
| Material necesario pandemia COVID-19 | 400,00 € |
| **TOTAL** | **14.550,00 €** |

| **ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2019-30/09/2020)** | |
|---|---|
| Cotas socios | 1.550,00 € |
| Subvención Concello de Vigo | 13.000,00 € |
| **TOTAL** | **14.550,00 €** |

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

a) Fundamentación, obxectivos e metas
b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
c) Lugar de realización
d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
e) Recursos humanos e materiais
f) Sistemas de avaliación, etc.

Concello de Vigo

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 519/97, segundo resolución de data 16/05/1997.

V. O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 “*Convenio* Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO””, cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

VI. En data 30/04/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 18/02/2020 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

***I. OBXECTO***

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” (G36821817), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2019 ata setembro de 2020.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO””.

Segundo recolle os arts. 3 e 4 dos Estatutos da Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Fomentar o asociacionismo das persoas.
- Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para a súa defensa.
- Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.

- Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

***II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES***

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Ana María Gil Lodeiro, con DNI 3598*****, en calidade de Presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"” (CIF: G36821817), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 9411/320.

***III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA***

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conten co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

e

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de

Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público , o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

### *IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA*

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

### *V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO*

O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 “*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"”* cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación

de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO” son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

### *VI. ANTICIPO*

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao

artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

***VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA***

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2020.**

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace

https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

***VIII. PUBLICIDADE***

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

***IX. ÓRGANO COMPETENTE***

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con cáracter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

**X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do

recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.** - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 13.000,00 € (trece mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890006 denominada "*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO""*", incluída no vixente orzamento municipal de 2020.

**SEGUNDO.** - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"" (CIF.- G36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2019 e setembro de 2020, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 13.000,00 € (trece mil euros).

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A *ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO"* PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Dª Ana Gil Lodeiro, con DNI 3598*****, en calidade de Presidenta da "Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo " (CIF: G36821817), con domicilio social na Rúa San Xosé, 22- baixo (esquina Travesía de Vigo, 46), de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 9411/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

**MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.

III.- Que a entidade "*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*", de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✔ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✔ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para súa defensa.
- ✔ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- ✔ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✔ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✔ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✔ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo*" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2019 e 2020, en particular, as realizadas entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada "*Convenio Asociación Agarimo*", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 13.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 01/10/2019 ata o 30/09/2020, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2019-30/09/2020) | |
|---|---|
| Aluguer local | 13.850,00 € |
| Subministros (auga, enerxía eléctrica) | 300,00 € |
| Material necesario pandemia COVID-19 | 400,00 € |
| **TOTAL** | **14.550,00 €** |

IX.- Que a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo*" non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo*", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

**PACTOS**

***Primeiro***.- A entidade "*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*" comprométese a colaborar coa concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.

2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

***Segundo***.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*" unha subvención por importe de 13.000€ (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada "*Convenio Asociación Agarimo*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respectar a estrutura organizativa da "*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo* ".

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

***Terceiro***.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se

procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

***Cuarto***.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto**.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

***Sexto***.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

***Sétimo***.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á *Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo* da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

***Oitavo***.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2019 ata o 30/09/2020.

***Noveno***.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa

correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2020.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica,** por calquera das modalidades admitidas
polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e número total de participantes.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarase** con **copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir como mínimo, o importe da subvención

concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención

- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a
pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

***Décimo.-*** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES55 2080 0552 01 3040004976 (ABANCA).

***Décimo primeiro***.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que

poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

***Décimo segundo***- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020.

***Décimo terceiro***.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

***Décimo cuarto***.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

***Décimo quinto***.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o
reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

***Décimo sexto***.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

***Décimo sétimo***.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

***Décimo oitavo***.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

***Décimo noveno***.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

***Vixésimo***.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

**11(536).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA PÓLIZA DE TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS PARA OS BENS MOBLES E INMOBLES DO EXCMO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20290/240.**

Visto o informe xurídico do 25/06/2020 e informe de fiscalización do 29/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 23/06/2020, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de

área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN::

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público. (LCSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Concelleira Delegada de Patrimonio, en data 3 de novembro de 2019, resolveu iniciar os trámites administrativos para a contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Excmo Concello de Vigo.

**Segundo.-** En virtude do resolto, emitiuse por esta xefatura de servizo, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, o correspondente informe de necesidade e idoneidade na contratación desa póliza de todo risco que cubra os danos materiais nos bens do Concello e, así mesmo, redactouse o 5 de decembro do 2019 o Prego de prescripcións técnicas para a súa contratación, incorporando igualmente ó expediente a memoria xustificativa asinada en data 27 de abril do 2020.

O 12 de maio do 2020 emitiu informe o servizo de Contratación conforme o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, procedendo o 19.06.2020 á emisión do Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Excmo Concello de Vigo, por procedemento aberto.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSLP), os criterios de solvencia técnica o

profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato(artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), tendose incorporado ó expediente o correspondente documento contable de retención de crédito.

**Quinto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e fiscalización da Intervención (artigo 116.3 LCSP), con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo:**

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Excmo Concello de Vigo.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 5.12.2019.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 19.06.2020.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de DOUSCENTOS SESENTA MIL EUROS (260.000 eur), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 92002240002 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:*

| | |
|---|---|
| *2020* | *130.000,00 €* |
| *2021* | *130.000,00 €* |
| *TOTAL* | *260.000,00 €* |

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(537).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DE 2020. EXPTE. 9890/307.**

Dáse conta do informe-proposta de data 2/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o segundo trimestre de 2020**. Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa econonómicamente ou á única que se presentou. Se inclúen no listado os contratos menores tramitados para o desenvolvemento do VI PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS E OUTROS ESPAZOS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA que abrangue os contratos menores privados de servizos para a contratación dos artistas participantes no Programa:

| Expte. (307) | concepto | adxudicatario | importe (euros) |
|---|---|---|---|
| 9771 | Participación da artista Vanesa Álvarez Díaz, do colectivo EXPOSTAS, no VI Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública | | 1500 |
| 9756 | Participación da artista María Nuria Mora Moreno, do colectivo EQUIPO PLÁSTICO, no VI Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública | | 2000 |
| 9858 | Soterramento das liñas eléctricas no monte de O Castro | UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.L. CIF A63222533 | 21.503,95 |
| 9754 | Participación do artista XAVIER ENTZMANN (EL-TONO), do colectivo EQUIPO PLÁSTICO, no VI Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública | | 2000 |
| 9753 | Participación do artista Antonio Manuel Barbará Fernández (POWONE) no VI Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública | | 4000 |

Concello de Vigo

| | | | |
|---|---|---|---|
| 9748 | Participación do artista DAVID DE LA MANO RODERO no VI Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública | | 7000 |
| 9744 | Participación da artista uruguaya LINA CASTELLANOS (Lina María Castellanos Sanabria) no VI Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública | | 10000 |
| 9760 | Participación do artista JOSEBA MURUZÁBAL PÉREZ no VI Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública | | 7000 |
| 9753 | Participación do artista ASTEN (Brais Rodríguez Trigo) no VI Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública | | 4000 |
| 9766 | Participación do artista GONZALO ALONSO DAPRESA no VI Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública | | 3500 |
| 9757 | Participación do artista SIXE PAREDES (Sergio Hidalgo Paredes) no VI Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública | | 2000 |

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**13(538).- BASES REITORAS DO PROCESOS SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS COMO DIPLOMADO/A EN ENFERMERÍA (SUBGRUPO A2) E AUXILIAR DE LABORATORIO (SUBGRUPO C2)". EXPTE. 34392/220.**

Visto o informe de fiscalización do 30/03/2020, dáse conta do informe-proposta do 26/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Consta nesta Área de RRHH e Formación solicitude de convocatoria de procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego para os nomeamentos interinos de Diplomados en Enfermería e Auxiliar de Laboratorio, formulada en escrito asinado polo Xefe de servizo de CEDRO, o Xefe da Área de Política de Benestar e a Concelleira-delegada da Área de Benestar.

**II.-** A concelleira-delegada de Organización municipal, a través da instrución de servizo de data de sinatura electrónica, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración dunhas *bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 Real Decreto 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como auxiliar de laboratorio e enfermería, e que garanta cubrir as necesidades de medios humanos existentes no Servizo CEDRO, á maior brevidade posible*. A referida convocatoria, publicarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

**III.-** En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

**I.-** Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).
O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.
O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá

desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.
Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, e actualizacións subseguintes.

**II.-** Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.
É mester como **requisitos específicos** para o desempeño do posto de traballo de:
- Diplomado en enfermería: Estar en posesión do título de Grao, Diplomado universitario en enfermería ou equivalente, titulacións esixidas para o acceso á praza segundo a vixente relación de postos de traballo.

- Auxiliar de laboratorio: Estar en posesión do título de FP1 rama laboratorio/FP 1 rama enfermería ou equivalente, titulacións esixidas para o acceso á praza segundo a vixente relación de postos de traballo.

Como **requisitos xerais** para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:
-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

**III.-** En canto aos **órganos de selección de persoal** das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc..), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a <u>profesionalidade</u> dos mesmos no seu funcionamento, así como os <u>principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros</u>. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

***"1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.***

***2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.***

***3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie."***

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

***"1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.***
***2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:***

- ***a) El personal de elección o de designación política.***
- ***b) El personal funcionario interino o laboral temporal.***
- ***c) El personal eventual.***
- ***d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selec-***

***tivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.***

***3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.***

***4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.***

***5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.***

***6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.***

***7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos."***

Así mesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

**IV.-** Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio da mesma a seguinte,

**PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como **Diplomado en Enfermería,** integrado no subgrupo A2 **e Auxiliar de laboratorio,** integrado no subgrupo C2; e que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da

Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

**Segundo.-** Habilitar expresamente ao Sra. Concelleira-delegada de Organización Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente e Acordos XGL de datas 18/06/2019, 20/06/2019 e 04/07/2019.

**Terceiro.-** Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de **Diplomado en Enfermería,** integrado no subgrupo A2 **e Auxiliar de laboratorio,** integrado no subgrupo C2; a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

**Cuarto.-** Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación.

Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, pudendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.
Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscripción teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO ÚNICO

*BASES REITORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO*

*EMPREGADO PÚBLICO,* ***COMO DIPLOMADO EN ENFERMERÍA (SUBGRUPO A2) E AUXILIAR DE LABORATORIO (SUBGRUPO C2). (EXPTE. 34392-220)***

## I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de como Diplomado en Enfermería (subgrupo A2) e Auxiliar de laboratorio (subgrupo C2). (Expte. 34392-220), que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP).

## II.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título académico oficial de, no caso de:

- Diplomado en enfermería: Estar en posesión do título de Grao, Diplomado universitario en enfermería ou equivalente, titulacións esixidas para o acceso á praza segundo a vixente relación de postos de traballo.

- Auxiliar de laboratorio: Estar en posesión do título de FP1 rama laboratorio/FP 1 rama enfermería ou equivalente, titulacións esixidas para o acceso á praza segundo a vixente relación de postos de traballo.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para a toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou certificación académica que acredite haber realizado e aprobado os estudios completos e necesarios e que se efectuou o depósito para a expedición do mesmo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo na data previa ao nomeamento como funcionario/a interino, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección “Ofertas

de Emprego” e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerase de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

## III.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección para estas bolsas de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, pudendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

## IV.- FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.
Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario que figura anexo a estas bases, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

O órgano de selección, trala análise número e nivel de coñecementos dos aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta, debendo ser igualmente os aspirantes informados de tal extremo.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos teóricos-prácticos ou, realizar as tarefas que proporá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.
O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral

de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.
Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.
A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos.
A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferencia de 3 puntos ou máis.
Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.
A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.
No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante que obteña maior puntuación no segundo exercicio de carácter teórico práctico, e de persistir o desempate, se dirimirá establecendo o tribunal unha sinxela proba adicional e obxectiva relacionada coas materias obxecto da oposición para os empatados.
Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

## V.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A **solicitude** dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarase no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **10 días hábiles** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental") e, no seu caso, do título CELGA 3 ou equivalente homologado.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

## VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.
Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.
Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org.

## VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.
O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:
Presidente/a:
-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.
Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos da lei 39/2015, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na paxina web do concello.
Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e ss da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:
a) Proceso selectivo Diplomado en enfermería:
-Tres funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo o seu organismo autónomo, encadrado/a no subgrupo A2 de titulación, e que pertenzan a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.
b) Proceso selectivo Auxiliar de laboratorio:
-Tres funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo o seu organismo autónomo, encadrado/a no subgrupo C2 de titulación, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.
Os membros dos órganos de selección serán propostos pola Área de RRHH e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada competente en materia de persoal, previa verificación técnica do cumprimento dos requisitos legais de titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade e paridade contemplados na normativa vixente. A súa designación corresponde á Xunta de Goberno Local, consonte ao previsto na normativa vixente en materia de réxime local, podendo delegar de forma expresa esta facultade na Concellaría-delegada competente en materia de persoal.
Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.
Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco años inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.
Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.
O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a da Área de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.
Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico

administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego,** ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renuncien expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 no acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva . (Expte 28442/220), do que transcribimos o apartado IV.

*IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS*
*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

*b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- *supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- *supostos de incapacidade temporal (IT);*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.*

**VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

**IX.- INCIDENCIAS**

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**X.- RÉXIME XURÍDICO**

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

## T E M A R I O S

**DIPLOMADO EN ENFERMERÍA**

**Parte xeral**

Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
Tema 2.- A Unión Europea. Institucións da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias.
Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
Tema 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadroamento.

Tema 5.- Organización municipal. Competencias.
Tema 6.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.
Tema 7.- Función pública local: organización, selección e situacións administrativas. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. O procedemento disciplinario: faltas e sancións.
Tema 8.- Funcionamento electrónico do sector público: sede electrónica, sistemas de identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo e rexistros
Tema 9.- Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contido e forma de contrato.
Tema 10.- A adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.
Tema 11.- Os recursos administrativos: concepto e clases. O recurso contencioso administrativo.
Tema 12.- Principios orzamentarios na Lei reguladora das facendas locais.

**Parte específica**

Tema 1.- Saúde e enfermidade: concepto. Indicadores de saúde por idade e sexo: morbilidade, mortalidade, letalidade e esperanza de vida.
Tema 2- Calidade no Sistema Nacional de Saúde. Dimensións de calidade: científico técnica, efectividade, eficiencia, accesibilidade e satisfacción do usuario.
Tema 3.- Marco conceptual e modelos de enfermería: xeneralidades. Teoría das necesidades humanas: concepto. Teoría de Autocoidado: concepto.
Tema 4.- Sistema Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica. Enfermidades de declaración obrigatoria.
Tema 5.- Plan Extratéxico de Saúde Mental Galicia
Tema 6.- Plan de Trastornos Adictivos de Galicia
Tema 7.- O segredo profesional: concepto e regulación xurídica.
Tema 8. O consentimento informado. Os dereitos de información sanitaria, intimidade e o respecto da autonomía do paciente .
Tema 9.- Estrutura metodolóxica dun traballo científico. Fontes de datos.
Tema 10.- Consulta de enfermería en saúde mental. Coordinación entre niveis asistenciais.
Tema 11.- Técnicas e habilidades de comunicación e relación interpersoal. Traballo en equipo.
Tema 12.- Entrevista clínica. Concepto e características. Identificación de necesidades de apoio.
Tema 13- Identificación de necesidades de apoio emocional e psicolóxico ao paciente, coidador principal e familia.
Tema 14.- Proceso de atención de enfermería (PAE): etapas do PAE. Plan de coidados enfermeiros: concepto e estrutura.
Tema 15.- Diagnósticos de Enfermería: concepto e tipos de taxonomía (NANDA, NIC,NOC).
Tema 16.- Historia clínica. Rexistros de enfermería en saúde mental. Informe de enfermería.
Tema 17.- Clasificacións internacionais de problemas de saúde mental (DSM-5, CIE-10 e NANDA): características xerais.
Tema 18.- Saúde mental: concepto e características. Prevención e promoción da saúde: concepto. Detección precoz de problemas de saúde: concepto.
Tema 19.- Factores de risco para a saúde nas distintas etapas da vida (infancia, adolescencia, adulto e ancián): identificación de factores de risco e coidados enfermeiros.

Tema 20.- A educación para a saúde individual, grupal e comunitaria en saúde mental: concepto, metodoloxía e técnicas didácticas.
Tema 21.- Atención domiciliaria: concepto e etapas da visita domiciliaria. Coordinación con atención primaria, atención especializada e servizos sociais.
Tema 22.- Técnicas de educación para a saúde para o fomento do autocoidado e promoción da saúde do paciente, coidador principal e familia. Elaboración dun programa de saúde mental: etapas.
Tema 23.- Rehabilitación en saúde mental: concepto, evolución e obxectivos. Procesos de atención de enfermería.
Tema 24.- Principios da psiquiatría comunitaria. Modelo Asertivo-Comunitario e modelo Case-Management.
Tema 25.- Clasificación xeral dos medicamentos. Absorción e eliminación dos fármacos. Toxicidade e efectos colaterais. Farmacovixilancia. Condicións de conservación dos medicamentos.
Tema 26.- Administración de medicamentos. Precaucións previas á administración dun fármaco. Vías de administración: definición e tipos. Puntos de elección, técnicas e problemas máis frecuentes. Cálculo de doses.
Tema 27.- Valoración e coidados de enfermería a pacientes a tratamento con psicofármacos.
Tema 28.- Hixiene en centros sanitarios: conceptos xerais. Antisépticos. Desinfectantes. Esterilización. Medidas preventivas. Xestión de residuos sanitarios.
Tema 29.- Valoración e coidados de enfermería nas urxencias psiquiátricas en paciente axitado, e paciente agresivo.
Tema 30.- Valoración e coidados de enfermería nas urxencias psiquiátricas en paciente con intoxicación aguda por consumo de drogas
Tema 31.- Valoración e coidados de enfermería nas urxencias psiquiátricas en paciente con crises de ansiedade e angustia. O paciente suicida,
Tema 32.- Trastornos esquizofrénicos: concepto e xeneralidades. Formas clínicas. Diagnósticos de enfermería. Valoración e coidados de enfermería en pacientes con alucinacións e delirios.
Tema 33.- Valoración e coidados de enfermería nos pacientes con trastorno mental orgánico: delirio, demencia e síndrome amnesico.
Tema 34.- Trastornos do humor (afectivos). Concepto. Principais formas de presentacións clínicas. Planificación de coidados de enfermería en pacientes depresivos. Planificación de coidados de enfermería en pacientes maníacos.
Tema 35.- Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos de ansiedade: fobico, pánico, obsesivo-compulsivo e reactivo ao estrés. Técnicas de relaxación (Jacobson – Schultz).
Tema 36.- Valoración e coidados de enfermería nos pacientes con trastornos da personalidade e do comportamento do adulto.
Tema 37.- O sono: concepto, fases e funcións. Trastornos do sono: disomnias e parasomnias. Coidados de enfermería
Tema 38.- Alimentación e nutrición: concepto e diferenciación. Clasificación dos alimentos. Elaboración de dietas. Valoración e coidados de enfermería a persoas con problemas de obesidade primaria, desnutrición, deshidratación, anorexia e bulimia nerviosa.
Tema 39.- Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos derivados do consumo de alcohol.
Tema 40.- Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos derivados do consumo de cannabis e alucinóxenos

Tema 41.- Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos derivados do consumo de opiáceos
Tema 42.- Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos derivados do consumo de estimulantes
Tema 43.- Valoración e coidados de enfermería en pacientes con trastornos derivados do consumo de tranquilizantes
Tema 44.- Valoración e coidados de enfermería en adiccións sen substancia.
Tema 45.- Valoración e coidados de enfermería no ancián. Principais cambios no proceso de envellecemento: fisiolóxicos, psicolóxicos e sociais. Orientación para o autocoidado. Concepto de asistencia psicoxeriatrica.
Tema 46.- A sexualidade durante o ciclo vital; infancia, adolescencia, vida adulta e vellez. Modos de expresión sexual. Concepto de disfunción sexual. Abordaxe terapéutica e proceso de enfermería.
Tema 47.- Valoración e coidados de enfermería nos pacientes con trastornos psiquiátricos asociados a infección por VIH e SIDA. Control e medidas preventivas. Valoración da situación familiar e social.
Tema 48.- Valoración e coidados de enfermería ao paciente terminal. Reaccións psicolóxicas do enfermo terminal e familia. Apoio ao coidador principal e familia. Valoración e acompañamento no dó.

**AUXILIAR DE LABORATORIO**

**Parte xeral**

Tema 1.- Referencia aos principios xerais e contido da Constitución española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
Tema 2.- O municipio: concepto e elementos esenciais. Breve referencia ás competencias municipais.
Tema 3.- O procedemento administrativo local. A Administración electrónica. Comunicacións e notificacións.
Tema 4.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

**Parte específica**

Tema 1.- Fundamentos da enfermería. Ética e moral profesional. A enfermería dentro do sistema sociosanitario.
Tema 2.- Escalas de valoración funcional de actividades básicas e actividades instrumentais da vida diaria: índice de Barthel, índice de Katz e índice de Lawton.
Tema 3.- Funcións e signos vitais. Primeiros auxilios.
Tema 4.- Recollida de mostras biolóxicas para análises (ouriños). A seguridade no manexo de mostras biolóxicas. Precaucións particulares no manexo de este tipo de mostras nas determinacións analíticas
Tema 5.- Unidades de medida e concentracións. Unidades do SI. Formas de expresar a concentración
Tema 6.- Operacións básicas no laboratorio: medida de volumes, preparación de solucións, dilución e concentración. Volume e densidade: métodos de medida·

Tema 7.- O material volumétrico no laboratorio. Tipos e calidade de material volumétrico. Calibración e verificación
Tema 8.- Técnicas de desinfección e esterilización no laboratorio
Tema 9.- Plan de atención individual e plan de coidados: definicións.
Tema 10.- Papel do/da auxiliar de enfermería no manexo da medicación e suplementos nutricionais.
Tema 11.- O papel do/da auxiliar no coidado e manexo do/a enfermo/a con problemas de saude mental: coidados básicos de enfermería.
Tema 12.- O papel do/a auxiliar no coidado e manexo do/a enfermo/a con problemas de saúde mental: trastornos da memoria. Demencias.
Tema 13.- O papel do/a auxiliar no coidado e manexo do/a enfermo/a con problemas de saúde mental: estados depresivos.
Tema 14.- O papel do/a auxiliar no coidado e manexo do/a enfermo/a con problemas de saúde mental: estados confusionais. O enfermo axitado. O enfermo delirante.
Tema 15.- Habilidades para o coidado das persoas con enfermidade mental, déficits sensoriais e afectación cognitiva.
Tema 16.- O soño e seus trastornos.

**14(539).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN DO EFECTIVO CON NÚMERO DE PERSOAL 84299. EXPTE. 35916/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 02/07/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I**.- Por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 13/02/2020, se acordou entre outros puntos: "*Cesar aos funcionarios en prácticas D. J. García Miguélez, con DNI ***9502**, D. J.C. González Fortes con DNI núm. ***6214**, D. D.L. Pena Pereira con DNI núm. ***6069** e, D. B. Pérez Pérez con DNI núm. ***9502**, por non ter superado o curso selectivo para o acceso a categoría de policía, dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 25 de febreiro de 2019, nos termos do informe remitido pola Academia Galega de Seguridade Pública en data 06/02/2020.*" (punto terceiro do acordo)

**II.-** En data 13/03/2020 o Sr Pena Pereira, con DNI nº ****6069***, o Sr. Pérez Pérez, con DNI nº ****9502***, o Sr. García Miguelez, con DNI nº ****9502*** *, o Sr. González Fortes, con DNI nº ***6214* *, interpoñen recurso de reposición contra o punto terceiro do Acordo da Xunta de Goberno Local referido.

**III.-** Por RD 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, contemplaba na Disposición Adicional Terceira a suspensión de términos a interrupción de prazos para a tramitación dos procedementos administrativos. A suspensión de prazos finalizou o 01/06/2020.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

**I.- Lexitimación e prazo.**

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación dos recorrentes posto que son titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polos recorrentes, en tanto que o 14/02/2020, foi notificado o acordo agora impugnado, presentando o recurso o día 13/03/2020.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iuditium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**II.- Alegacións.**

Os recorrentes fundamentan o recurso interposto na carencia de notificación por parte da AGASP ou por parte do Concello de Vigo das notas finais do curso, comparando a situación cunha compañeira de outro concello, respecto da cal, afirman que a AGASP publicou as notas no tablón do anuncios.

Manifestan ademais a arbitrariedade da Administración pola falta de motivación do acto impugnado.

Convén lembrar que o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón: "*1. Contra las resoluciones y los actos de trámite, si estos últimos deciden directa o indirectamente el fondo del asunto, determinan la imposibilidad de continuar el procedimiento, producen indefensión o perjuicio irrepa-*

*rable a derechos e intereses legítimos, podrán interponerse por los interesados los recursos de alzada y potestativo de reposición, que* ***cabrá fundar en cualquiera de los motivos de nulidad o anulabilidad previstos en los artículos 47 y 48 de esta Ley****.”*

O recurso de reposición está configurado legalmente como un recurso ordinario de carácter potestativo que se interpón ante o mesmo órgano que ditou o acto obxecto de recurso. Procede contra actos administrativos que poñen fin á vía administrativa e se pode articular sobre a base de calquera motivo de desconformidade a Dereito do acto recorrido.

Partindo de estas consideracións, imos centrar a resolución do recurso nas afirmacións referidas ao acto impugnado (punto terceiro do Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 13/02/2020), deixando ao marxe as alegacións vertidas polos recorrentes relativas a actuación da AGASP, descoñecendo a subscribinte todo o relacionado coa compañeira referida no recurso plantexado, cuxa situación é absolutamente indiferente aos efectos que nos ocupan.

Nos centramos así na alegación de arbitrariedade da Administración pola falta de motivación do acto impugnado.

Solo se pode disentir de tal afirmación. Dunha simple lectura do informe proposta de acordo, cabe concluír que o acto está perfectamente motivado o que fai desaparecer calquera atisbo de arbitrariedade. Reproducimos así parte da fundamentación do acordo impugnado, respecto do cal, pouco ou nada cabe engadir. *“En data 06 de febreiro de 2020, a Academia galega de Seguridade Pública, remite a éste Concello informes nos que se informa favorablemente o nomeamento de vinte dos vintecinco funcionarios en prácticas, informando desfavorablemente o nomeamento doutros cinco por non superar o curso selectivo”*

*A vista do informe da Academia Galega de Seguridade Pública, a Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación emite en data 11/02/2020 o seguinte informe:*

*“En relación co asunto de referencia, e á vista da comunicación da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) contida en documento electrónico 200019991) pola presente infórmase o seguinte:“O Decreto 243/2008, de 16 de octubre, de desenvolvemento da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia, respecto do curso selectivo obrigatorio para os funcionarios/as en prácticas do Corpo da Policía Local, o seguinte:*

*“Artículo 61 Curso selectivo y obligación de superación del mismo*
*1. La superación de este curso resulta obligatoria para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría o puesto correspondiente.*
*2. En caso de no incorporación al curso, o abandono del mismo sin terminarlo, excepto por causas excepcionales o ajenas a su voluntad, el aspirante perderá todos los derechos alcanzados en el proceso selectivo.*
***3. El alumnado que no supere el curso en la Academia Gallega de Seguridad Pública, incluidas las pruebas o exámenes de carácter extraordinario, perderá todos los derechos alcanzados en el proceso selectivo.***
*4. Este curso podrá desarrollarse en la Academia Gallega de Seguridad Pública, de forma presencial o a distancia, mismo con la posibilidad de participar el alumnado en actividades formativas ajenas, de contenido semejante, que se impartan en otros centros de formación,*

*públicos o privados, de reconocido prestigio, con los que la academia mantenga relaciones de intercambio o colaboración.”*

***II.-*** *O Real Decreto 456/1986, de 10 de febrero, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, establece no seu artigo 3 que:*

*“Los funcionarios en prácticas que sean nombrados funcionarios de carrera al haber superado el período de prácticas o el curso selectivo, continuarán percibiendo en el plazo posesorio las mismas retribuciones que les hayan sido acreditadas durante el tiempo de realización de las prácticas o del curso selectivo.*

*Aquellos otros que, habiendo superado todos los requisitos del proceso selectivo, queden en expectativa de nombramiento, no tendrán derecho a percibir remuneración alguna como funcionarios en prácticas.*
*Asimismo,* ***la no superación del curso selectivo determinará el cese en el percibo de estas remuneraciones, sin perjuicio de su reanudación al producirse, en su caso, la incorporación del aspirante a un nuevo curso selectivo.”***

*En consecuencia, e quedando clara normativamente a ausencia de título legal para o aboamento de retribucións no suposto indicado, por esta funcionaria enténdese que procede a baixa como funcionarios en prácticas dos aspirantes non aprobados no curso selectivo, debendo causar baixa en nómina, percepción de haberes e en cotizacións empresariais á seguridade social; e sendo necesario que polos servizos económicos se efectúen os reintegros que procedan, vista a data do mes e considerando as normas e datas sobre o peche de nómina contidas nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais 2020.”*

Sendo a norma clara, e a actuación conforme a dereito, solo cabe confirmar o acto impugnado.

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Desestimar de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso de reposición, interposto por o Sr. Pena Pereira, con DNI nº ****6069***, o Sr. Pérez Pérez, con DNI nº ****9502***, o Sr. García Miguelez, con DNI nº ****9502***, o Sr. González Fortes, con DNI nº ***6214**

**Segundo.-** Notifíquese o presente acordo aos recorrentes.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que

poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(540).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS INTERINOS COMO ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO C1). EXPTE:36004/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 2/07/2020, asinado polo técnico de Organización e Planificación, a xefa de área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

I.- Con data 19 de setembro de 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Administrativo/a de Administración Xeral, expte. 34382/220, que foron publicadas no BOP de Pontevedra nº 186 de data 27 de setembro de 2019.

**II.-** Por Resolución da Tenente de Alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía Seguridade e Organización Municipal de data 18/12/2019, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as correspondente á referida Bolsa, órgano de selección, así como do lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo, expte. 34791/220.

**III**.- Por Resolución da concelleira-delegada de Organización Municipal de 16/01/2020 resolveuse a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as correspondente á Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos de Administrativo/a de Administración Xeral de conformidade co artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, órgano de selección, lugar e da data do primeiro exercicio do proceso selectivo.

Rematado o mesmo, consta na correspondente acta do Órgano de Selección de data 23/06/2020 a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-:

| NÚM. ORDE | APELIDOS | NOME | DNI | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| 1 | MINIÑO VALVERDE | MARIA CRISTINA | ***7646** | 19,317 |
| 2 | ARTIAGA MOLARES | CARLOS | ***9570** | 18,955 |
| 3 | PRIETO ACUÑA | GABRIEL | ***6267** | 17,755 |
| 4 | RODRIGUEZ MIGUELEZ | SANDRA | ***8562** | 17,625 |

Concello de Vigo

| NÚM. ORDE | APELIDOS | NOME | DNI | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| 5 | COUSIDO FERNANDEZ | JOSE ALBERTO | ***9148** | 17,575 |
| 6 | HERMIDA MISER | ROCIO | ***7150** | 17,487 |
| 7 | SEGUIN FERNANDEZ | NURIA | ***2892** | 17,380 |
| 8 | CABALEIRO MARIÑO | DIEGO | ***8293** | 16,700 |
| 9 | PEROY PEREIRA | SILVIA DE | ***3967** | 16,505 |
| 10 | VILA RODRIGUEZ | RAUL | ***8336** | 16,305 |
| 11 | FERNANDEZ VILA | IRIA | ***9540** | 16,250 |
| 12 | MIGUEZ DE FRANCISCO | MANUEL | ***9797** | 16,180 |
| 13 | ESTEVEZ ALVAREZ | SILVIA | ***8174** | 16,155 |
| 14 | GOMEZ GARCIA | SALVADOR | ***7492** | 16,105 |
| 15 | PEREZ MARTINEZ | JUAN LUIS | ***5527** | 16,080 |
| 16 | COTO JUSTO | VANESA | ***8128** | 15,805 |
| 17 | FREITAS RODRIGUEZ | CLARA | ***8664** | 15,750 |
| 18 | EIRIZ BLANCO | OLAIA | ***7725** | 15,505 |
| 19 | ALVAREZ AMOEDO | CARLOS | ***0193** | 15,405 |
| 20 | GONZALEZ EIRIZ | BEATRIZ | ***5386** | 15,387 |
| 21 | MARTINEZ MARTINEZ | ELISA | ***5395** | 15,300 |
| 22 | SOTO PEREZ | MARTA MARIA | ***9332** | 14,905 |
| 23 | GONZALEZ LOPEZ | ELENA | ***0122** | 14,867 |
| 24 | RODRIGUEZ PEREZ | VANESA | ***2479** | 14,850 |
| 25 | DIAZ GARCIA | JOSE CARLOS | ***5830** | 14,810 |
| 26 | RODRIGUEZ CRUZ | KARIMA | ***0308** | 14,705 |
| 27 | NEIRA CORTIZAS | CARLOS | ***6591** | 14,700 |
| 28 | EIRIZ BLANCO | LORENA | ***7725** | 14,555 |
| 29 | TATO TORRES | ALEXANDRA | ***1953** | 14,405 |
| 30 | CARIDE NIMES | BARBARA MARIA | ***0155** | 14,330 |
| 31 | RODRIGUEZ MARTINEZ | GUADALUPE | ***5234** | 14,225 |
| 32 | FERNANDEZ VELASQUES | LUIS ADRIAN | ***9491** | 13,905 |
| 33 | SICRE GONZALEZ | MARIA DEL MAR | ***4690** | 13,900 |
| 34 | ALONSO RODRÍGUEZ | M.ª MERCEDES | ***9436** | 13,875 |
| 35 | LIJO RODRIGUEZ | BLANCA | ***2375** | 13,800 |
| 36 | ALVAREZ MARTINEZ | ELENA | ***1324** | 13,700 |
| 37 | ALVAREZ PEREZ | JUAN MANUEL | ***6797** | 13,630 |
| 38 | DOPICO FURELOS | DIEGO A | ***1338** | 13,575 |
| 39 | IGLESIAS PERNAS | ALEJANDRO | ***6862** | 13,125 |
| 40 | RODRIGUEZ PEREIRA | ANGELA | ***2982** | 13,000 |
| 41 | CASALINI GUTIERREZ | CESAR | ***5308** | 12,750 |
| 42 | GARCIA VILLASANTE | JOSE MANUEL | ***5128** | 12,630 |
| 43 | PIÑON CAJIDE | Mª ISABEL | ***4266** | 12,630 |
| 44 | CARRERA GOMEZ | LUCIA | ***6037** | 12,630 |
| 45 | ALVAREZ NION | IRIA | ***4945** | 12,630 |
| 46 | VILLARINO ESPINO | EULOGIO | ***9065** | 12,630 |
| 47 | GIL ALONSO | MARIA ESTHER | ***3596** | 12,500 |
| 48 | GOENAGA GONZALEZ | ANA BELEN | ***0889** | 12,000 |

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS.**

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego,** ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e normativa de concordante aplicación.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu declarar que os aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarán parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do

Estatuto Básico do Empregado Público, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 19 de setembro de 2019, son os que se sinalan a continuación :

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º EXERCICIO | 2º EXERCICIO | GALEGO | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | MINIÑO VALVERDE | MARIA CRISTINA | ***7646** | 8,880 | 8,437 | 2,000 | 19,317 |
| 2 | ARTIAGA MOLARES | CARLOS | ***9570** | 8,380 | 8,575 | 2,000 | 18,955 |
| 3 | PRIETO ACUÑA | GABRIEL | ***6267** | 7,380 | 8,375 | 2,000 | 17,755 |
| 4 | RODRIGUEZ MIGUELEZ | SANDRA | ***8562** | 7,250 | 8,375 | 2,000 | 17,625 |
| 5 | COUSIDO FERNANDEZ | JOSE ALBERTO | ***9148** | 7,750 | 7,825 | 2,000 | 17,575 |
| 6 | HERMIDA MISER | ROCIO | ***7150** | 7,250 | 8,237 | 2,000 | 17,487 |
| 7 | SEGUIN FERNANDEZ | NURIA | ***2892** | 5,880 | 9,500 | 2,000 | 17,380 |
| 8 | CABALEIRO MARIÑO | DIEGO | ***8293** | 6,500 | 8,200 | 2,000 | 16,700 |
| 9 | PEROY PEREIRA | SILVIA DE | ***3967** | 6,630 | 7,875 | 2,000 | 16,505 |
| 10 | VILA RODRIGUEZ | RAUL | ***8336** | 6,880 | 7,425 | 2,000 | 16,305 |
| 11 | FERNANDEZ VILA | IRIA | ***9540** | 5,500 | 8,750 | 2,000 | 16,250 |
| 12 | MIGUEZ DE FRANCISCO | MANUEL | ***9797** | 6,130 | 8,050 | 2,000 | 16,180 |
| 13 | ESTEVEZ ALVAREZ | SILVIA | ***8174** | 6,630 | 7,525 | 2,000 | 16,155 |
| 14 | GOMEZ GARCIA | SALVADOR | ***7492** | 6,630 | 7,475 | 2,000 | 16,105 |
| 15 | PEREZ MARTINEZ | JUAN LUIS | ***5527** | 7,130 | 6,950 | 2,000 | 16,080 |
| 16 | COTO JUSTO | VANESA | ***8128** | 5,130 | 8,675 | 2,000 | 15,805 |
| 17 | FREITAS RODRIGUEZ | CLARA | ***8664** | 5,500 | 8,250 | 2,000 | 15,750 |
| 18 | EIRIZ BLANCO | OLAIA | ***7725** | 6,630 | 6,875 | 2,000 | 15,505 |
| 19 | ALVAREZ AMOEDO | CARLOS | ***0193** | 7,880 | 5,525 | 2,000 | 15,405 |
| 20 | GONZALEZ EIRIZ | BEATRIZ | ***5386** | 8,000 | 5,387 | 2,000 | 15,387 |
| 21 | MARTINEZ MARTINEZ | ELISA | ***5395** | 6,250 | 7,050 | 2,000 | 15,300 |
| 22 | SOTO PEREZ | MARTA MARIA | ***9332** | 7,380 | 5,525 | 2,000 | 14,905 |
| 23 | GONZALEZ LOPEZ | ELENA | ***0122** | 5,130 | 7,737 | 2,000 | 14,867 |
| 24 | RODRIGUEZ PEREZ | VANESA | ***2479** | 6,750 | 6,100 | 2,000 | 14,850 |
| 25 | DIAZ GARCIA | JOSE CARLOS | ***5830** | 6,500 | 6,950 | 1,360 | 14,810 |
| 26 | RODRIGUEZ CRUZ | KARIMA | ***0308** | 5,880 | 6,825 | 2,000 | 14,705 |
| 27 | NEIRA CORTIZAS | CARLOS | ***6591** | 5,250 | 7,450 | 2,000 | 14,700 |
| 28 | EIRIZ BLANCO | LORENA | ***7725** | 6,380 | 6,175 | 2,000 | 14,555 |
| 29 | TATO TORRES | ALEXANDRA | ***1953** | 5,880 | 6,525 | 2,000 | 14,405 |
| 30 | CARIDE NIMES | BARBARA MARIA | ***0155** | 5,630 | 6,700 | 2,000 | 14,330 |
| 31 | RODRIGUEZ MARTINEZ | GUADALUPE | ***5234** | 6,750 | 5,475 | 2,000 | 14,225 |
| 32 | FERNANDEZ VELASQUES | LUIS ADRIAN | ***9491** | 6,880 | 5,875 | 1,150 | 13,905 |
| 33 | SICRE GONZALEZ | MARIA DEL MAR | ***4690** | 6,250 | 5,650 | 2,000 | 13,900 |
| 34 | ALONSO RODRÍGUEZ | M.ª MERCEDES | ***9436** | 5,750 | 6,125 | 2,000 | 13,875 |
| 35 | LIJO RODRIGUEZ | BLANCA | ***2375** | 6,750 | 5,050 | 2,000 | 13,800 |
| 36 | ALVAREZ MARTINEZ | ELENA | ***1324** | 6,250 | 5,450 | 2,000 | 13,700 |
| 37 | ALVAREZ PEREZ | JUAN MANUEL | ***6797** | 6,630 | 5,000 | 2,000 | 13,630 |
| 38 | DOPICO FURELOS | DIEGO A | ***1338** | 6,000 | 5,575 | 2,000 | 13,575 |

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º EXERCI-CIO | 2º EXERCI-CIO | GALEGO | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 39 | IGLESIAS PERNAS | ALEJANDRO | ***6862** | 5,750 | 5,375 | 2,000 | 13,125 |
| 40 | RODRIGUEZ PEREIRA | ANGELA | ***2982** | 6,000 | 5,000 | 2,000 | 13,000 |
| 41 | CASALINI GUTIERREZ | CESAR | ***5308** | 5,750 | 5,000 | 2,000 | 12,750 |
| 42 | GARCIA VILLASANTE | JOSE MANUEL | ***5128** | 5,630 | 5,000 | 2,000 | 12,630 |
| 43 | PIÑON CAJIDE | Mª ISABEL | ***4266** | 5,630 | 5,000 | 2,000 | 12,630 |
| 44 | CARRERA GOMEZ | LUCIA | ***6037** | 5,630 | 5,000 | 2,000 | 12,630 |
| 45 | ALVAREZ NION | IRIA | ***4945** | 5,630 | 5,000 | 2,000 | 12,630 |
| 46 | VILLARINO ESPINO | EULOGIO | ***9065** | 5,630 | 5,000 | 2,000 | 12,630 |
| 47 | GIL ALONSO | MARIA ES-THER | ***3596** | 5,500 | 5,000 | 2,000 | 12,500 |
| 48 | GOENAGA GONZALEZ | ANA BELEN | ***0889** | 5,000 | 5,000 | 2,000 | 12,000 |

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo aos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo”, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demáis normativa de concordante e procedente aplicación.*

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

*b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- *supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- *supostos de incapacidade temporal (IT);*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.*

*As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de* ***3 anos****.*

*No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudiráse á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria sustituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.*

*No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas".*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*"VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo".*

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de admitidos/excluídos, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220 e, 35393/220, que non foron sometidos a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local,

polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe coa conformidade da Xefa da Área de recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

"Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Administrativo/a de Administración Xeral, que inclúe aos/ás aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º EXERCICIO | 2º EXERCICIO | GALEGO | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | MINIÑO VALVERDE | MARIA CRISTINA | ***7646** | 8,880 | 8,437 | 2,000 | 19,317 |
| 2 | ARTIAGA MOLARES | CARLOS | ***9570** | 8,380 | 8,575 | 2,000 | 18,955 |
| 3 | PRIETO ACUÑA | GABRIEL | ***6267** | 7,380 | 8,375 | 2,000 | 17,755 |
| 4 | RODRIGUEZ MIGUELEZ | SANDRA | ***8562** | 7,250 | 8,375 | 2,000 | 17,625 |
| 5 | COUSIDO FERNANDEZ | JOSE ALBERTO | ***9148** | 7,750 | 7,825 | 2,000 | 17,575 |
| 6 | HERMIDA MISER | ROCIO | ***7150** | 7,250 | 8,237 | 2,000 | 17,487 |
| 7 | SEGUIN FERNANDEZ | NURIA | ***2892** | 5,880 | 9,500 | 2,000 | 17,380 |
| 8 | CABALEIRO MARIÑO | DIEGO | ***8293** | 6,500 | 8,200 | 2,000 | 16,700 |
| 9 | PEROY PEREIRA | SILVIA DE | ***3967** | 6,630 | 7,875 | 2,000 | 16,505 |
| 10 | VILA RODRIGUEZ | RAUL | ***8336** | 6,880 | 7,425 | 2,000 | 16,305 |
| 11 | FERNANDEZ VILA | IRIA | ***9540** | 5,500 | 8,750 | 2,000 | 16,250 |
| 12 | MIGUEZ DE FRANCISCO | MANUEL | ***9797** | 6,130 | 8,050 | 2,000 | 16,180 |
| 13 | ESTEVEZ ALVAREZ | SILVIA | ***8174** | 6,630 | 7,525 | 2,000 | 16,155 |
| 14 | GOMEZ GARCIA | SALVADOR | ***7492** | 6,630 | 7,475 | 2,000 | 16,105 |
| 15 | PEREZ MARTINEZ | JUAN LUIS | ***5527** | 7,130 | 6,950 | 2,000 | 16,080 |
| 16 | COTO JUSTO | VANESA | ***8128** | 5,130 | 8,675 | 2,000 | 15,805 |
| 17 | FREITAS RODRIGUEZ | CLARA | ***8664** | 5,500 | 8,250 | 2,000 | 15,750 |
| 18 | EIRIZ BLANCO | OLAIA | ***7725** | 6,630 | 6,875 | 2,000 | 15,505 |
| 19 | ALVAREZ AMOEDO | CARLOS | ***0193** | 7,880 | 5,525 | 2,000 | 15,405 |
| 20 | GONZALEZ EIRIZ | BEATRIZ | ***5386** | 8,000 | 5,387 | 2,000 | 15,387 |
| 21 | MARTINEZ MARTINEZ | ELISA | ***5395** | 6,250 | 7,050 | 2,000 | 15,300 |
| 22 | SOTO PEREZ | MARTA MARIA | ***9332** | 7,380 | 5,525 | 2,000 | 14,905 |
| 23 | GONZALEZ LOPEZ | ELENA | ***0122** | 5,130 | 7,737 | 2,000 | 14,867 |
| 24 | RODRIGUEZ PEREZ | VANESA | ***2479** | 6,750 | 6,100 | 2,000 | 14,850 |
| 25 | DIAZ GARCIA | JOSE CARLOS | ***5830** | 6,500 | 6,950 | 1,360 | 14,810 |
| 26 | RODRIGUEZ CRUZ | KARIMA | ***0308** | 5,880 | 6,825 | 2,000 | 14,705 |
| 27 | NEIRA CORTIZAS | CARLOS | ***6591** | 5,250 | 7,450 | 2,000 | 14,700 |
| 28 | EIRIZ BLANCO | LORENA | ***7725** | 6,380 | 6,175 | 2,000 | 14,555 |
| 29 | TATO TORRES | ALEXANDRA | ***1953** | 5,880 | 6,525 | 2,000 | 14,405 |
| 30 | CARIDE NIMES | BARBARA MARIA | ***0155** | 5,630 | 6,700 | 2,000 | 14,330 |
| 31 | RODRIGUEZ MARTINEZ | GUADALUPE | ***5234** | 6,750 | 5,475 | 2,000 | 14,225 |
| 32 | FERNANDEZ VELASQUES | LUIS ADRIAN | ***9491** | 6,880 | 5,875 | 1,150 | 13,905 |

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º EXERCICIO | 2º EXERCICIO | GALEGO | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 33 | SICRE GONZALEZ | MARIA DEL MAR | ***4690** | 6,250 | 5,650 | 2,000 | 13,900 |
| 34 | ALONSO RODRÍGUEZ | M.ª MERCEDES | ***9436** | 5,750 | 6,125 | 2,000 | 13,875 |
| 35 | LIJO RODRIGUEZ | BLANCA | ***2375** | 6,750 | 5,050 | 2,000 | 13,800 |
| 36 | ALVAREZ MARTINEZ | ELENA | ***1324** | 6,250 | 5,450 | 2,000 | 13,700 |
| 37 | ALVAREZ PEREZ | JUAN MANUEL | ***6797** | 6,630 | 5,000 | 2,000 | 13,630 |
| 38 | DOPICO FURELOS | DIEGO A | ***1338** | 6,000 | 5,575 | 2,000 | 13,575 |
| 39 | IGLESIAS PERNAS | ALEJANDRO | ***6862** | 5,750 | 5,375 | 2,000 | 13,125 |
| 40 | RODRIGUEZ PEREIRA | ANGELA | ***2982** | 6,000 | 5,000 | 2,000 | 13,000 |
| 41 | CASALINI GUTIERREZ | CESAR | ***5308** | 5,750 | 5,000 | 2,000 | 12,750 |
| 42 | GARCIA VILLASANTE | JOSE MANUEL | ***5128** | 5,630 | 5,000 | 2,000 | 12,630 |
| 43 | PIÑON CAJIDE | Mª ISABEL | ***4266** | 5,630 | 5,000 | 2,000 | 12,630 |
| 44 | CARRERA GOMEZ | LUCIA | ***6037** | 5,630 | 5,000 | 2,000 | 12,630 |
| 45 | ALVAREZ NION | IRIA | ***4945** | 5,630 | 5,000 | 2,000 | 12,630 |
| 46 | VILLARINO ESPINO | EULOGIO | ***9065** | 5,630 | 5,000 | 2,000 | 12,630 |
| 47 | GIL ALONSO | MARIA ESTHER | ***3596** | 5,500 | 5,000 | 2,000 | 12,500 |
| 48 | GOENAGA GONZALEZ | ANA BELEN | ***0889** | 5,000 | 5,000 | 2,000 | 12,000 |

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(541).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2020. EXPTE. 2715/341.**

Dáse conta do informe-proposta de data 1/07/2020, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) nos meses de XANEIRO E FEBREIRO e que son os que deseguido se relacionan:

| CENTRO OU SERVIZO | CONCEPTO | DATA | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2686/341. Subministración e deseño de material gráfico para exposicións temporais programadas en Casa Galega da Cultura para 2020. JULINDA MOLARES CARDOSO. RCM 5467. | 17/01/20 | 13.419,63 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2695/341. Servizo de localización de copias de imaxes no Arquivo Fotográfico Pacheco para diversas utilizacións. DATA GESTIÓN CULTURAL, S.L. RCM 7773. | 28/01/20 | 1.260,00 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2682/341. Contratación dos servizos de asesoramento para a redacción de documentación técnica necesaria para a licitación do contrato maior de servizos de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura. INTO GALICIA CONSULTING, S.L. RCM 2697. | 09/01/20 | 6.655,00 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2688/341. Autorización de gasto para a contratación dos servizos de mantemento preventivo dos elevadores nos museos e centros expositivos adscritos á Área de Cultura para un máximo de 4 revisións mensuais. ASCENSORES ENOR, S.L. RCM 6476. | 20/01/20 | 1.573,00 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2699/341. Contratación dos servizos de mantemento preventivo das instalacións de climatización dos centros da rede de museos municipais (2 revisións trimestrais/5 revisións mensuais). VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU. RCM 9233. | 30/01/20 | 2.171,95 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6782/337. Realización de reparación da tubería de acometida xeral de auga do Museo Municipal “Quiñones de León”. JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ. RCM 4245. | 15/01/20 | 648,12 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6783/337. Visitas guiadas especializadas ás dependencias do Museo “Quiñones de León”: Pazo de Castrelos e Sala de Arqueoloxía durante o ano 2020. ESTELA ARQUEOLOXÍA E PATRIMONIO, S.L. RCM 6996 | 23/01/20 | 568,70 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6774/337. Servizo de correo para supervisión de préstamo de obras do Museo Quiñones de León para a exposición “Espazos e encadramentos da obra de Manuel Colmeiro” a celebrar no Marco. BEATRIZ LIZ DE CEA. RCM 2280. | 03/01/20 | 326,70 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6784/337. Servizo de atención especializada a investigadores do Museo Municipal “Quiñones de León” durante 2020. DATA GESTIÓN CULTURAL, S.L. RCM 7000 | 23/01/20 | 1.499,19 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6790/337. Supervisión da devolución das pezas de arqueoloxía cedidas en préstamo para a exposición "Galaicos, un pobo entre dous mundos, no Museo Provincial de Pontevedra. BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 7936. | 28/01/20 | 338,80 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2701/341. Comisariado da exposición "Silverio Rivas. Dende o silencio". JAVIER PÉREZ BUJÁN. RCM 10689. | 11/02/20 | 3.802,50 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6798/3374.Limpeza anual canalóns do Museo Municipal Quiñones de León. JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ. RCM 8979. | 05/02/20 | 1.452,00 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6805/337. Reparación de termos dos vestiarios e laboratorio de arqueoloxía Museo Municipal Quiñones de León. ELECFRICLIMA, S.L. RCM 11069. | 13/02/20 | 1.241,64 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6797/337. Embalaxe e transporte especializado de sete obras de arte recibidas en doazón desde domicilios particulares ata o Museo Quiñones de León. MARÍA BARIEGO HERNÁNDEZ. RCM 8978. | 05/02/20 | 477,95 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6799/337. Traslado interno da obra busto de Marco Aurelio nº inv. 1011 para a exposición "Custodiando o pasado". BIC, materiales y conservación, S.L. RCM 8754. | 04/02/20 | 465,85 € |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**17(542).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE VIGOZOO NOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DO 2020. EXPTE. 10466/612.**

Dáse conta do informe-proposta de data 3/07/2020, asinado polo director de Réxime Interior de Vigozoo e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor e no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que: " *A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.*

*Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado*

*polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores."*

Polo tanto, a concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable, Nuria Rodríguez Rodríguez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Vigozoo da Concellería de Medio Ambiente e Vida Saúdable (funcional 3371), durante os meses de abril, maio e xuño do ano 2020, que se relacionan deseguido:

| EXPTE | ASUNTO | ADXUDIC. | DURAC | DATA | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|
| 10366-612 | SUBMINISTRACIÓN DE NEUMÁTICOS E ARRANXO DE PINCHAZOS PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS DE VIGOZOO.- | NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L.- GRUPO SALCO- B-36.609.113 | 12 MESES | 2/04/20 | 852,32 € |
| 10367-612 | SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL TÉCNICO PARA DEPARTAMENTO VETERINARIO. | LA BOUVET, S.L B-78.639.978 | 6 MESES | 2/04/20 | 283,82 € |
| 10378-612 | SUBMINISTRACIÓN DE VAIAS PARA VAIAR RECINTO DE BÓVIDOS NORTE.- | XEALCO, S.L. B-36.194.108 | 3 MESES | 23/04/20 | 217,80 € |
| 10358-612 | ADQUISICIÓN DUN LECTOR DE MICROCHIPS PARA IDENTIFICACIÓN DOS ANIMAIS DA COLECCIÓN DE VIGOZOO.- | DATAMARS IBÉRICA, S.L. B-02.164.317 | 1 MES | 19/05/20 | 466,33 € |
| 10382-612 | SERVIZOS DE MANTEMENTO DO NOCTURAMA DE VIGOZOO.- | D. DIEGO BALLESTEROS PEINADO – TERRARIUM. 74.515.008-E | 8 MESES | 13/05/20 | 15.427,50 € |
| 10391-612 | SERVIZO DE REPARACIÓN DA LAVADORA INDUSTRIAL DE VIGOZOO.- | DELEGLACIONES REUNIDAS NOVOFRI, S.A. A-36.608.313 | 1 SEMANA | 7/05/20 | 842,03 € |
| 10399-612 | SUBMINISTRACIÓN DE GUANTES DE NITRILO E LÁTEX . | LA BOUVET, S.L B-78.639.978 | 2 MESES | 25/05/20 | 317,99 € |
| 10400-612 | OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS DESAGUADOIROS NOS VASOS DOS RECINTOS DO CASTOR E DE AVES. | SERTRICON, S.L.U. B-94.078.110 | 1 MES | 27/05/20 | 834,90 € |
| 10412-612 | ADQUISICIÓN DE 35 ALPACAS DE VIRUTA DE 18 KGS. CADA UNA PARA OS RECINTOS DE VIGOZOO. | CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. B-94.040.896 | 7 MESES | 8/06/20 | 235,20 € |
| 10413-612 | ADQUISICIÓN DE MEDICAMENTOS ANTIFUNXICOS PARA LLAMA. | GALENO ESPECIALIDADES VETERINARIAS, S.L. B-27.203.975 | 1 MES | 12/06/20 | 179,83 € |
| 10414-612 | ADQUISICIÓN DUN FRIGORÍFICO PARA O SERVIZO VETERINARIO DE VIGOZOO.- | SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. B-27.815.539 | 2 MESES. | 12/06/20 | 305,00 € |
| 10423-612 | ADQUISICIÓN DE MADEIRAS PARA REPARACIÓN DE PECHES PERIMETRAIS NO RECINTO DE BÓVIDOS SUR. | MADERAS DEL NOROESTE DE ESPAÑA, S.L. B-36.616.548 | 3 MESES. | 11/06/20 | 2.628,79 € |
| 10424-612 | ADQUISICIÓN DE 8500 KGS. DE PALLA DE TRIGO. | CLUN COOPERATIVAS LÁCTEAS UNIDAS- F-70.509.096 | 7 MESES | 12/06/20 | 944.35 € |
| 10425-612 | SERVIZOS DE REPARACIÓN DUNHA TUBERÍA BAIXO TERRA.- | SERTRICON, S.L.U. B-94.078.110 | 1 MES | 12/06/20 | 822,80 € |
| 10428-612 | SERVIZOS DE ASESORAMENTO E MANTEMENTO TÉCNICO NAS REDES SOCIAIS, COMO FACEBOOK E INSTAGRAN DE VIGOZOO.- | DESOÑOS COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, S.L. B-36.949.923 | 6 MESES | 22/06/20 | 3.388,00 € |
| 10432-612 | ADQUISICIÓN DE CÁMARAS DE VÍDEO VIXILANCIA PARA AS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. | EQUPAMIENTO Y SEGURIDAD, S.L.U. B-36634.715 | 1 MES | 18/06/20 | 7.229,75 € |
| 10433-612 | SERVIZOS DE OBSERVACIÓN DAS ESTRELAS E DEMAIS ELEMENTOS VISIBLES NO CEO DURANTE OS SÁBADOS DOS MESES DE XULLO E AGOSTO E A OBSERVACIÓN DA CHOIVA DE PERSEIDAS DENDE | FUNDACIÓN CEO, CIENCIA E CULTURA. G-36.980.670 | 2 MESES | 25/06/20 | 2.200,00 € |

Concello de Vigo

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | AS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO.- | | | | |
| 10435-612 | SUBMINISTRACIÓN DE GUANTES DE NITRILO PARA TODO O PERSOAL DO ZOO, EN ESPECIAL PARA OS TÉCNICOS E OS OFICIAIS-COIDADORES.- | DARLIM, S.L. B-36.612.562 | 1 MES | 19/06/20 | 184,89 € |
| 10437-612 | SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS VARIOS DE FERRETERÍA.- | SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. B-27.815.539 | 6 MESES | 25/06/20 | 7.955,58 € |
| 10438-612 | SERVIZO DE REGULACIÓN MECÁNICA DOS RADIADORES DO RECINTO DO NOCTURAMA DE VIGOZOO.- | TÉRMICA MORRAZO, S.L. B-94.009.461 | 1 MES | 30/06/20 | 1.331,00 € |
| 10444-612 | SUBMINISTRACIÓN DE CARTEIS DIVULGATIVOS SOBRE MEDIDAS COVID 19.- | NOVOCONTORNO, S.L. B-36.892.842 | 1 MES | 30/06/20 | 1.947,78 € |
| 10447-612 | SERVIZOS DE REPARACIÓN DE DIVERSA MAQUINARÍA DE VIGOZOO.- | ALMIJOCAR, S.C.G. F-27.784.008 | 1 MES | 30/06/20 | 253,63 € |

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta do programa “Vigo en Festas” para o ano 2020. Expte. 8474/335.

.- Expediente de contratación polo procedemento aberto das obras de “Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos”. Expte. 493/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**18(543).- PROPOSTA DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS" PARA O ANO 2020. EXPTE. 8474/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 8/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 7/07/2020, asinado polo xestor técnico dos expedientes de Festas (Resolución de data 17/06/2020) e a concelleira-delegada de Festas, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
- Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, modificada pola Resolución de 25 de xuño de 2020.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985 determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o paragrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias.

É por isto que dentro da planificación das políticas públicas, como clave da xestión pública e coa fin de dotar maior transparencia e publicidade, proponse a elaboración dun Programa do Servizo de Festas, de actividades para o terceiro trimestre de 2020, como documento que recolla de forma sistematizada todas aqueles actos que o conforman e que, unha vez publicitado, permita aos interesados ter una visión global do mesmos.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2020, aprobou o "**Plan de dinamización e desenvolvemento do servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023"** (expediente 8385/335), que recolle os

cinco obxectivos do Servizo de Festas e traza as liñas estratéxicas básicas e que son os/as seguintes:

***<u>Primeiro.- OBXECTIVOS:</u>***

***Obxectivo 1.-*** *Garantir unha oferta sociocultural completa e de calidade para a cidadanía que converta a Vigo nun centro de referencia de ocio e traslade ao exterior unha imaxe de cidade moderna, dinámica e participativa, así como un lugar de referencia de celebración de grandes eventos.*

***Obxectivo 2.-*** *Conseguir a través da programación de actividades socioculturais una acción transformadora do municipio, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida. Así como o fomento de valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión da nosa identidade cultural e da nosa historia.*

***Obxectivo 3.-*** *Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural, de festas tradicionais e patronais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido asociativo.*

***Obxectivo 4.-*** *Favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.*

***Obxectivo 5.-*** *Xestión e mantemento dos espazos vinculados ao servizo.*

*Tendo en conta os obxectivos do Servizo desde o Servizo de Festas se deseñaron as liñas estratéxicas básicas de actuación orientadas a dar resposta as necesidades e demandas da cidadanía en xeral e acadar os anteditos obxectivos básicos:*

***<u>A liña estrátexica 1 : Deseño, desenvolvemento, xestión e execución da programación propia anual está dirixida a c</u>****obertura a consecución dos* ***obxectivos básicos do servizo de Festas números 1 e 2*** *a través do desenvolvemento, xestión, execución e seguimento dos diferentes programas e actividades festivas, socioculturais, de lecer e tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa, de calidade e que contribúan á dinamización sociocultural e fomenten a participación dos cidadáns durante o período 2020-2023. Dentro desta liña se atopa a* ***<u>Programación "Vigo en Festas" que se</u>*** *desenvolvese de xeito anual entre o 15 de xullo e o 15 de agosto e está destinado á cidadanía xeral con actividades deseñadas para cada unha das modalidades de público obxectivo (infantil, familiar e adulto). Este programa é o mais ambicioso da programación anual do Servizo de Festas tanto pola súa duración como polo orzamento destinado ao seu desenvolvemento.*

*O programa de concertos e espectáculos nacionais e internacionais celebrados no Auditorio ao aire libre de Castrelos é o que aglutina un maior número de público e conleva un maior esforzo organizativo, administrativo e orzamentario.*

*Dentro do mesmo período organízanse ademais todo tipo de actividades infantis (obradoiros, espectáculos, concertos), danza urbana, festivais e actuacións de pequeno formato en diversos puntos da cidade.*

*Coa fin de darlle una maior difusión ás actividades entre a cidadanía dende o Servizo de Festas impulsanse diferentes accións publicitarias canalizadas a través dos medios de comunicación social e en diversos soportes publicitarios.>>*

Non obstante este ano, dada a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional declarado pola Organización Mundial da Saúde (OMS) e a pesar da finalización do estado de alarma declarado por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, razóns de protección da saúde pública aconsellan a non execución do programa Vigo en Festas tal e como se vén realizando todos os anos respecto das actuacións e espectáculos no auditorio de Castrelos.

O Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prevé, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais. Ademais, conforme o artigo 6 do mesmo real decreto, serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, aos efectos do artigo 5 e consonte a criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na «nova normalidade.

Neste senso no DOG de data 13.06.2020 publicouse a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020 co fin de buscar un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica e concretamente a cláusula 2.11 establece medidas concretas respecto actuación coros e agrupacións vocais, 2.12 orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, 3.18 actividades recreativas e espectáculos públicos en recintos ao aire libre 3.35 establece medidas concretas respecto festas, verbenas e outros eventso populares.

E por isto que ante a situación actual o Servizo de Festas, *c*oa finalidade de evitar a afluencia de persoas e garantir o distanciamento social entre o público asistente ás actividades que se programen e tamén atendendo a un principio de descentralización, elabora un programa deste ano que pretende realizar actividades en diferentes puntos do termo municipal (repartidos entre barrios da cidade e parroquias), conseguindo así unha maior dispersión física de públicos e un achegamento e disfrute das actividades a toda a cidadanía. Neste senso no Servizo de Festas, trala declaración da situación de alerta, achegáronse distintas propostas respecto de actuacións artísticas nacionais principalmente de carácter local, así como espectáculos musicais, de danza e teatro de pequeno formato, espectáculos adicados ao público infantil e familiar, actividades diversas de animación de rúa e actuacións folclóricas de todo tipo.

E por isto que a vista das distintas propostas presentadas e atendendo a situación actual e co fin de garantir un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que dende o Servizo de Festas poidan favorecer a recuperación da vida social e económica emítese a seguinte **PROPOSTA DE PROGRAMACIÓN:**

Concello de Vigo

**1.- PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2020".**

**Obxectivo:** O desenvolvemento, xestión, execución e seguimento dos diferentes programas e actividades festivas, socioculturais, lecer e tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa, de calidade, e contribúan á dinamización sociocultural. Este ano o programa implicase na xeneración de actividade creativa e cultural dos barrios co fin de achegar o acceso á cultura e ocio a toda a cidadanía e en todo o termo municipal mediante a creación do espazo escénico onde se desenvolverán as actuacións será en diversos escenarios nos barrios e parroquias e núcleo urbanos do Municipio de Vigo relacionados anteriormente nas condicións que determinen os protocolos COVID que a dito efecto disporá o servizo de Festas.

**Lugares:** Centro da cidade, barrios e parroquias do municipio, que este ano recollerán trinta e tres puntos distintos, todos eles ao aire libre, e que se detallan:

> 1) Beade (torreiro da festa), 2) Bembrive (pista deportiva), 3) Bouzas (praza da igrexa), 4) Cabral (praza da igrexa), 5) Calvario (rúa peonil xunto ao mercado), 6) Candeán (novo torreiro), 7) Casco vello (praza da Pedra), 8) Centro comercial Coia (xunto ao centro comercial Coia 4), 9) Coia (praza Mestre Don Prudencio Rodríguez), 10) Coruxo (xunto á pista de futbito de Fragoselo) 11) Lavadores (torreiro da festa de Santa Cristina), 12) Matamá (torreiro da festa), 13) Náutico (avenida Montero Ríos, contorna da estación da ría), 14) Navia (zona verde do parque), 15) O Castro A (na contorna do monumento á Batalla de Rande), 16) O Castro B (rotonda superior do parque), 17) Parque de Castrelos (escenario pequeno), 18) Porta do Sol, 19) Praza da Estrela, 20) Praza da Independencia, 21) Praza da Miñoca, 22) Praza do Berbés, 23) Rosalía de Castro (entre as rúas República arxentina e Inés Pérez de Ceta), 24) Saiáns (pista deportiva), 25) Samil (pista de patinaxe), 26) San Andrés de Comesaña (torreiro da festa de Santo Andrés), 27) San Miguel de Oia (torreiro da festa de Nosa Señora dos Liñares), 28) San Roque (parque), 29) Sárdoma (palco do parque xunto á igrexa), 30) Teis (contorna do mercado), 31) Teis Riouxa (parque da Riouxa), 32) Valadares (torreiro de festa) e 33) Zamáns (torreiro da festa no parque forestal).

A organización e desenvolvemento de actividades nestes lugares conlevará o cumprimento dun protocolo de actuacións, conforme ás medidas indicadas pola Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade (e polas súas posteriores modificacións).

**Público obxectivo:** Poboación en xeral, contendo actividades dirixidas a diferentes sectores de público infantil e familiar.

**Tarefas e accións:** O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades. En liñas xerais a programación inclúe as seguintes:

**ACTIVIDADES DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS.**

**1.1 - Actividades infantís por barrios, parroquias, centro da cidade e praias.**

O servizo programa para os mais pequenos diversos espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade coa fin de achegar alternativas de ocio e lecer. Estes eventos poden ter formato de concertos musicais, contacontos, música tradicional, teatro, maxia, recital, etc.

**1.2.- Festival de verán:**

O festival inclúe as distintas actividades.-

**1.2.1.- Concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade,**

Desenvolverase mediante actuacións artísticas nacionais principalmente de carácter local de pequeno formato en distintos puntos da cidade, barrios e parroquias

**1.2.2.- Danza:**

Inclúe actuacións de artes escénicas e danza clásica, moderna, urbana e folclórico en distintos puntos da cidade de danza urbana.

**1.2.3.- Ciclo de Bandas de Música "As son das Festas de Vigo".-**

Concertos de bandas de música en distintos puntos da cidade.

Polo exposto, previo informe xurídico, elévase á Xunta de Goberno local como órgano competente en virtude das competencias delegadas por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 en materia de aprobación de programas municipais, a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar a "PROPOSTA DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020".

SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no "Portal de Transparencia" conforme o disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(544).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS". EXPTE. 493/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 6/07/2020 e informe de fiscalización do 6/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 07/07/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario. o Concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** Con data 8 de xullo de 2015, procedeuse á sinatura do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAÍDOS.

O citado convenio foi aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial en data 19 de

xuño de 2015, e a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 8 de xullo de 2015.

**2º.-** Con data 27 de setembro de 2017, ambas institucións asinan unha addenda ao citado convenio, na que entre outras actuacións, se contempla o financiamento conxunto para a redacción dos proxectos Básico e de Execución para a remodelación das gradas de Gol e de Marcador, así como a adecuación da contorna, o cal deberá contemplar todas as consideracións técnicas, regulamentarias e legais precisas, e contarán con expresa xustificación técnica das solucións adoptadas. Na mesma establécese que corresponde ao Concello de Vigo a obriga da tramitación dos correspondentes expedientes de contratación.

**3º.-** Co obxecto de levar a cabo ditas actuacións, a Xunta de Goberno Local Local, en sesión de data 3 de maio de 2018, acordou adxudicar a Pedro de la Puente Crespo, o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxectos das obras das novas gradas de Gol e Marcador do Estadio municipal de Balaídos e dun aparcamento soterrado (Expte. 5036-440).

**4º.-** Para dar execución as previsións do convenio e da primeira addenda ao mesmo, a Comisión Paritaria de Seguimento en base aos antecedentes de feito que se recollen na acta da súa reunión de 12 de abril de 2019, propón a sinatura dunha segunda addenda entre a Administración Provincial e a Municipal para a adecuación financeira e fixación de anualidades no financiamento das obras da nova Grada de Marcador, a cal é asinada por ambas institucións en data 24 de maio de 2019.

**5º.-** O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 9330 "Xestión do patrimonio" a aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 "INVESTIMENTOS MELLORA E. M.BALAIDOS".

**6º.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4122-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.02.2020 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

**7º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 27.02.2020 que se corresponde co expediente administrativo 4122-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de DEZASEIS MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (16.650.000 euros) e data decembro de 2019.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 11 de marzo de 2020.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de marzo de 2020.

D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 13 de marzo de 2020.

E) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 9 de xuño de 2020.

F) Certificados de crédito RC nº 202000036435 e RC/FUT nº 202000036437.

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 5 e 6 de xullo de 2020.

H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 25 de xuño de 2020.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 6 de xullo de 2020.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 12.02.2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto**.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto**.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de"NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS" redactado por equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de DEZASEIS MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (16.650.000 euros) e data decembro de 2019.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 06.07.2020.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "DEZASEIS MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA MIL EUROS" (16.650.000 euros) sendo o importe correspondente ao IVE de 2.889.669,42 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 "INVESTIMENTOS MELLORA E. M.BALAIDOS".

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020: 5.880.000,00 euros
2021: 7.225.000,00 euros
2022: 3.545.000,00 euros

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 122,87% e para a terceira anualidade nun 60,29%.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(545).-     ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez